Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A rede pública de Quérote+ da Xunta de Galicia ofrece recursos de atención especializada á xuventude, ás súas familias e a profesionais que traballan no eido xuvenil. Formada por cinco centros situados nas cidades da Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Santiago de Compostela contan cun equipo de profesionais formado por 12 persoas das áreas do traballo social, a educación social e psicoloxía.

Contan tamén con persoal titulado co posgrao de sexoloxía e acreditado para impartir formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero.

Os eidos de intervención de Quérote+ corresponden a sexualidade, a Promoción da diversidade sexual, a atención específica ao colectivo LGBTI, o benestar emocional, a realización de probas rápidas de VIH e VHC, e a promoción do bo trato e a prevención e loita contra a violencia de xénero. A actividade destes servizos aséntase en tres piares: área de información, asesoramento e acompañamento; área formativa; e área de participación e sensibilización.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que balance fai a Xunta de Galicia da actividade dos centros Quérote+ en cada unha das súas áreas?
2. Que alcance tiveron as diferentes actividades?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2026

Asinado o día 21/01/2026 ás
17:00
Por Noelia Pérez López

Asinado o día 21/01/2026 ás
16:59
Por Raquel Arias Rodríguez



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 21/01/2026 16:59:54

Noelia Pérez López na data 21/01/2026 17:00:32

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2026 17:00:40

Víctor Baladrón Lamas na data 21/01/2026 17:00:48

Nicole Grueira Fernández na data 21/01/2026 17:01:05

Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2026 17:01:17

Argimiro Marnotes Fernández na data 21/01/2026 17:01:38

Maria Magdalena Perez Millares na data 21/01/2026 17:01:44

Raúl Santamaría González na data 21/01/2026 17:01:50



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 17:04:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 17:04:16
Nº Rexistro: 47082
Data envío: 21/01/2026 17:04:16.620

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

O Observatorio Galego de Dinamización Demográfica creouse e está regulado no Decreto 104/2016, do 28 de xullo dependente da Consellería de Política Social. Así mesmo, as súas atribucións víronse ampliadas na Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia.

Este observatorio foi creado para facer fronte os diferentes retos aos que se enfronta Galicia desde hai anos, como o envellecemento da poboación, a baixa taxa de natalidade ou o incremento da esperanza de vida. Doutra banda, entre as funcións deste organismo, están recompilar, analizar e intercambiar información relevante nesta materia; realizar e divulgar os estudos e traballos que resulten de interese demográfico e elaborar un informe anual sobre a situación demográfica en Galicia.

Pasando a outras cousas, este órgano consultivo está conformado por profesores e investigadores da universidade, persoal de institucións públicas e da administración, do ámbito económico, político e sindical.

Para finalizar, cos últimos datos coñecidos podemos falar dun incremento da poboación de 53.000 persoas nestes dous últimos anos, grazas a factores como á inmigración. E de feito, estamos a falar de que o saldo migratorio en Galicia é positivo desde o ano 2017.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Como valora a Xunta de Galicia o traballo do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica?
2. Considera o Goberno galego que o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica está a cumprir con todas as súas funcións?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 21/01/2026 17:14:19
Noelia Pérez López na data 21/01/2026 17:14:27
María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2026 17:14:34
Víctor Baladrón Lamas na data 21/01/2026 17:14:42
Nicole Grueira Fernández na data 21/01/2026 17:14:49
Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2026 17:14:56
Argimiro Marnotes Fernández na data 21/01/2026 17:15:02
Maria Magdalena Perez Millares na data 21/01/2026 17:15:08
Raúl Santamaría González na data 21/01/2026 17:15:23



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 17:16:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 17:16:42
Nº Rexistro: 47084
Data envío: 21/01/2026 17:16:42.181

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A Xunta de Galicia desenvolveu ao longo do ano 2025 o plan integral de actuación para a renovación e impulso dos centros de información ás mulleres (CIM) en Galicia. Os CIM, de titularidade municipal, son un recurso fundamental para o acompañamento das mulleres, a promoción da igualdade nos concellos galegos, a atención de vítimas de violencia de xénero, e o acompañamento ás persoas LGTBI. Este centros proporcionan asesoramento xurídico, atención psicolóxica, información en materia de recursos e asesoramento e orientación social. En Galicia existen 84 CIM que dan servizo a preto de 200 concellos e proporciónase unha atención integral e de proximidade a máis de 16.700 persoas cada ano.

O Goberno galego sempre foi consciente da importante función e da prioridade do traballo das profesionais dos CIM, por iso, comprometeuse a seguir ampliando o seu apoio co obxectivo de mellorar as condicións laborais das profesionais e a atención que se ofrece desde cada un dos centros. E todo iso, poñendo especial énfase no rural.

De feito, no ano 2025, o Goberno galego incrementou o apoio económico anual para estes centros nun 30,6% superando os 6,5 millóns de euros, e avanzou a posta en marcha do plan integral para impulsar a actividade destes centros, optimizar este recurso e adaptalo á evolución das dinámicas sociais e ás necesidades de funcionamento.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Cales son as liñas básicas do plan integral de actuación para a renovación e impulso do CIMs?
2. En que se benefician, tanto a usuarias como a traballadoras destes centros da posta en marcha do devandito plan?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 21/01/2026 17:48:55
Noelia Pérez López na data 21/01/2026 17:49:02
María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2026 17:49:28
Víctor Baladrón Lamas na data 21/01/2026 17:49:35
Nicole Grueira Fernández na data 21/01/2026 17:49:48
Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2026 17:49:55
Argimiro Marnotes Fernández na data 21/01/2026 17:51:08
Maria Magdalena Perez Millares na data 21/01/2026 17:51:15
Raúl Santamaría González na data 21/01/2026 17:51:21



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 17:52:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 17:52:25
Nº Rexistro: 47108
Data envío: 21/01/2026 17:52:25.966

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

Nas últimas semanas, o Hospital Arquitecto Marcide, integrado na Área Sanitaria de Ferrol, vén sufrindo unha situación de saturación persistente no servizo de urxencias, con longas esperas, sobrecarga asistencial e falta de recursos humanos suficientes para atender con garantías á poboación.

Esta situación fíxose especialmente grave tras coñecerse a denuncia dunha familia que relata o falecemento dunha paciente tras permanecer durante varias horas sen recibir atención médica adecuada no servizo de urxencias, a pesar de presentar un cadro grave. Este feito pon de manifesto un fallo estrutural no funcionamento do servizo, asociado á falta de persoal, á insuficiente planificación e á inexistencia de medidas eficaces para evitar o colapso asistencial.

O ocorrido non pode ser tratado como un feito illado nin reducido a unha circunstancia excepcional. Profesionais sanitarios e persoas usuarias veñen



alertando desde hai tempo dunha situación límite nas urxencias de Ferrol, con ratios inasumibles, espazos saturados e tempos de espera incompatibles cunha atención sanitaria segura e digna.

A Xunta de Rueda, como administración competente, ten a obriga de garantir a seguridade das e dos pacientes, a calidade asistencial e unhas condicións de traballo axeitadas para o persoal sanitario, especialmente nun servizo tan sensible como o de urxencias hospitalarias. A falta de resposta ante esta situación supón unha grave irresponsabilidade e un risco evidente para a saúde da cidadanía da comarca de Ferrolterra.

Por todo o exposto anteriormente, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que valoración fai o Goberno galego da situación actual do servizo de urxencias do Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol?

Santiago de Compostela, a 21 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 21/01/2026 17:55:13

Elena Espinosa Mangana na data 21/01/2026 17:55:20

Silvia Longueira Castro na data 21/01/2026 17:55:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 18:00:53
Nº Rexistro: 47116
Data envío: 21/01/2026 18:00:53.134

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 18:00:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 18:00:53
Nº Rexistro: 47116
Data envío: 21/01/2026 18:00:53.134

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

O Goberno de España vén de impoñer unilateralmente e sen diálogo coas comunidades autónomas un Real Decreto que regula o traspaso de menores migrantes non acompañados. A norma estatal consolida un reparto inxusto e incoherente, feito sen planificación e sen financiamento e que a xuízo dos técnicos autonómicos, invade competencias en materia de asistencia social e protección de menores que son propias da nosa comunidade.

Esta mesma razón levou ao Goberno galego encargar unha análise e estudo da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia e a solicitar ao Consello Consultivo, un informe sobre a constitucionalidade do Real Decreto. Cómpre lembrar que o Consello Consultivo de Galicia é un órgano que actúa con independencia e autonomía orgánica e funcional e cuxa principal tarefa é emitir ditames sobre asuntos xurídicos a instancias da Xunta de Galicia ou doutras administracións públicas, especialmente en materia de lexislación e regulamentación.

Desde Galicia sempre vimos defendendo que somos unha comunidade acolledora e solidaria, especialmente ante a problemática que está a supoñer a intensificación da inmigración procedente do continente africano, pero a atención, asistencia e apoio a estas persoas en situación de vulnerabilidade debe facerse coas máximas garantías e pensando sempre no interese superior do menor migrante non acompañado.

A realidade é que o Goberno de España actúa sen atender sen pensar nestes menores, impoñendo, ademais, ás comunidades autónomas uns criterios que están feitos á medida dos socios de Goberno de Sánchez e que poñen en risco o noso sistema de protección, que é un dos máis integradores de España.

Ante esta situación, por responsabilidade, lóxica e coherencia desde Galicia volvemos a denunciar o fracaso das políticas migratorias do Goberno central, que é o competente na materia, e a nula planificación e coordinación coas comunidades autónomas.





Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do Real Decreto estatal que regula o traspaso de menores migrantes non acompañados?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 21/01/2026 18:00:19

Noelia Pérez López na data 21/01/2026 18:00:25

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2026 18:00:32

Víctor Baladrón Lamas na data 21/01/2026 18:00:40

Nicole Grueira Fernández na data 21/01/2026 18:00:49

Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2026 18:00:56

Argimiro Marnotes Fernández na data 21/01/2026 18:01:04

Maria Magdalena Perez Millares na data 21/01/2026 18:01:10

Raúl Santamaría González na data 21/01/2026 18:01:25



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 18:02:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 18:02:22
Nº Rexistro: 47122
Data envío: 21/01/2026 18:02:22.273

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

Nas últimas semanas, o Hospital Arquitecto Marcide, integrado na Área Sanitaria de Ferrol, vén sufrindo unha situación de saturación persistente no servizo de urxencias, con longas esperas, sobrecarga asistencial e falta de recursos humanos suficientes para atender con garantías á poboación.

Esta situación fíxose especialmente grave tras coñecerse a denuncia dunha familia que relata o falecemento dunha paciente tras permanecer durante varias horas sen recibir atención médica adecuada no servizo de urxencias, a pesar de presentar un cadro grave. Este feito pon de manifesto un fallo estrutural no funcionamento do servizo, asociado á falta de persoal, á insuficiente planificación e á inexistencia de medidas eficaces para evitar o colapso asistencial.

O ocorrido non pode ser tratado como un feito illado nin reducido a unha circunstancia excepcional. Profesionais sanitarios e persoas usuarias veñen



alertando desde hai tempo dunha situación límite nas urxencias de Ferrol, con ratios inasumibles, espazos saturados e tempos de espera incompatibles cunha atención sanitaria segura e digna.

A Xunta de Rueda, como administración competente, ten a obriga de garantir a seguridade das e dos pacientes, a calidade asistencial e unhas condicións de traballo axeitadas para o persoal sanitario, especialmente nun servizo tan sensible como o de urxencias hospitalarias. A falta de resposta ante esta situación supón unha grave irresponsabilidade e un risco evidente para a saúde da cidadanía da comarca de Ferrolterra.

Por todo o exposto anteriormente, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Considera a Xunta de Galicia que os recursos humanos e materiais actuais nas urxencias de Ferrol son suficientes para garantir unha atención segura e de calidade?

Santiago de Compostela, a 21 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 21/01/2026 17:55:34

Elena Espinosa Mangana na data 21/01/2026 17:55:42

Silvia Longueira Castro na data 21/01/2026 17:55:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 18:02:07
Nº Rexistro: 47121
Data envío: 21/01/2026 18:02:07.652

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 18:02:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 18:02:07
Nº Rexistro: 47121
Data envío: 21/01/2026 18:02:07.652

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

Nas últimas semanas, o Hospital Arquitecto Marcide, integrado na Área Sanitaria de Ferrol, vén sufrindo unha situación de saturación persistente no servizo de urxencias, con longas esperas, sobrecarga asistencial e falta de recursos humanos suficientes para atender con garantías á poboación.

Esta situación fíxose especialmente grave tras coñecerse a denuncia dunha familia que relata o falecemento dunha paciente tras permanecer durante varias horas sen recibir atención médica adecuada no servizo de urxencias, a pesar de presentar un cadro grave. Este feito pon de manifesto un fallo estrutural no funcionamento do servizo, asociado á falta de persoal, á insuficiente planificación e á inexistencia de medidas eficaces para evitar o colapso asistencial.

O ocorrido non pode ser tratado como un feito illado nin reducido a unha circunstancia excepcional. Profesionais sanitarios e persoas usuarias veñen



alertando desde hai tempo dunha situación límite nas urxencias de Ferrol, con ratios inasumibles, espazos saturados e tempos de espera incompatibles cunha atención sanitaria segura e digna.

A Xunta de Rueda, como administración competente, ten a obriga de garantir a seguridade das e dos pacientes, a calidade asistencial e unhas condicións de traballo axeitadas para o persoal sanitario, especialmente nun servizo tan sensible como o de urxencias hospitalarias. A falta de resposta ante esta situación supón unha grave irresponsabilidade e un risco evidente para a saúde da cidadanía da comarca de Ferrolterra.

Por todo o exposto anteriormente, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Ten previsto o Goberno galego adoptar medidas inmediatas para evitar novas situacións de colapso nas urxencias de Ferrol? En caso afirmativo, cales e en que prazos?
2. Vaise realizar algunha auditoría ou avaliación interna específica sobre o funcionamento das urxencias do CHUF tras este suceso?

Santiago de Compostela, a 21 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 21/01/2026 17:55:58

Elena Espinosa Mangana na data 21/01/2026 17:56:04

Silvia Longueira Castro na data 21/01/2026 17:56:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 18:07:02
Nº Rexistro: 47126
Data envío: 21/01/2026 18:07:02.079

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 18:07:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 18:07:02
Nº Rexistro: 47126
Data envío: 21/01/2026 18:07:02.079

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A Xunta de Galicia segue a apostar pola Tarxeta Benvida e deste xeito consolídase unha iniciativa que serve de apoio económico aos pais e nais que deciden ter un fillo.

A actual convocatoria contempla, ao igual que no 2024, a concesión da Tarxeta Benvida a mulleres embarazadas a partir da semana 21 da xestación, para que estas familias poidan utilizala para realizar compras previas ao nacemento, xa que é un momento no que os pais xa adquiren produtos que necesitarán cando chegue o bebé, por exemplo un berce ou un dispositivo para poder levalo no coche. Concretamente, en 2024 un total de 3.270 mulleres embarazadas recibiron a tarxeta antes de nacer o neno.

Ademais, tamén se lle concede a tarxeta ás familias que acollan de xeito permanente a un ou máis menores de ata tres anos de idade. O obxectivo desta medida é fomentar o acollemento familiar.

Incorpora tamén novas medidas para facilitar que as familias non teñan que realizar o trámite ordinario de solicitude da Tarxeta Benvida, polo que se evitan o papelame e axilizan todos os procedementos. Deste xeito, para solicitala só será necesario presentar un único formulario.

A Tarxeta Benvida forma parte das medidas que o Goberno galego está a impulsar nos últimos anos para apoiar ás familias, tales como: a gratuidade das escolas infantís, as casas niño ou o Bono Concilia Familia.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Cantas familias foron beneficiarias pola concesión da Tarxeta Benvida desde a súa implantación no ano 2016?





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 18:12:19
Nº Rexistro: 47130
Data envío: 21/01/2026 18:12:19.325

2. Que investimento acumulado leva feito a Xunta de Galicia no programa Tarxeta Benvida?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 21/01/2026 18:10:14

Noelia Pérez López na data 21/01/2026 18:10:19

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2026 18:10:26

Víctor Baladrón Lamas na data 21/01/2026 18:10:33

Nicole Grueira Fernández na data 21/01/2026 18:10:47

Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2026 18:10:53

Argimiro Marnotes Fernández na data 21/01/2026 18:11:01

Maria Magdalena Perez Millares na data 21/01/2026 18:11:08

Raúl Santamaría González na data 21/01/2026 18:11:15



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 18:12:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 18:12:19
Nº Rexistro: 47130
Data envío: 21/01/2026 18:12:19.325

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Como cada ano, a Xunta de Galicia aprobou unha nova orde de axudas destinada a apoiar o funcionamento das casas niño do rural, que inclúe un incremento de case un 5% da subvención que viñan percibindo as titulares destes pequenos centros de atención á primeira infancia que son totalmente gratuítos para as familias.

O orzamento total da convocatoria vixente ascende a 10,5 millóns de euros e poderán acollerse a ela aquelas casas que leven funcionando máis de tres anos.

Galicia ten na actualidade máis de 100 casas niño en servizo distribuídas por todo o territorio galego, entre as que suman máis de 500 prazas gratuítas para nenos de 0 anos.

O obxectivo é dar continuidade a este recurso e seguir atendendo ás necesidades de conciliación da vida persoal e laboral das familias nos concellos rurais de Galicia nos que están establecidas

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que vai a supor o aumento da subvención destinada a apoiar o funcionamento das casas niño do rural aos titulares destes centros e cal é o seu obxectivo?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2026

Asinado o día 21/01/2026 ás
18:16
Por Noelia Pérez López

Asinado o día 21/01/2026 ás
18:16
Por Raquel Arias Rodríguez



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 21/01/2026 18:16:26

Noelia Pérez López na data 21/01/2026 18:16:33

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2026 18:16:44

Víctor Baladrón Lamas na data 21/01/2026 18:16:52

Nicole Grueira Fernández na data 21/01/2026 18:17:00

Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2026 18:17:06

Argimiro Marnotes Fernández na data 21/01/2026 18:17:15

Maria Magdalena Perez Millares na data 21/01/2026 18:17:27

Raúl Santamaría González na data 21/01/2026 18:17:34



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 18:18:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 18:18:32
Nº Rexistro: 47133
Data envío: 21/01/2026 18:18:32.625

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

As nenas e nenos no sistema de protección á infancia e á adolescencia da Xunta de Galicia constitúen unha poboación de grande vulnerabilidade. Por un lado, entran no sistema logo de padecer experiencias traumáticas de diferente índole (abandono, abuso, maltrato físico ou sexual, alto nivel de conflito, etc.) ao longo das súas vidas na súa contorna familiar. Por outro lado, unha vez dentro do sistema de protección, existe o risco de que aumente a súa vulnerabilidade polo dano que lles pode producir o cambio e a inestabilidade do contorno e dos profesionais que as atenden.

Para o Goberno galego resulta prioritario promover e potenciar a axeitada atención e tratamento terapéutico das nenas, nenos e adolescentes que amosen desaxustes emocionais-condutuais severos orixinados ou relacionados coa situación de desprotección que sufriron, coa medida de separación da súa familia, ou coa existencia de dificultades severas ou crónicas na convivencia dentro da súa familia de orixe.

Neste senso, a Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña (UDC) desenvolven un programa pioneiro de atención a nenos e adolescentes en situación de risco ou desamparo: Programa de avaliación e tratamento terapéutico a menores en risco ou desamparo que desenvolve a Universidade da Coruña.

O obxectivo deste programa é mellorar a atención terapéutica de nenos e adolescentes que son derivados polos Equipos Técnicos de Menores da Xunta de Galicia.

Tamén poden participar as familias biolóxicas ou acolledoras destes menores, así como os profesionais que se ocupan delas: educadores, traballadores sociais e persoal dos centros de acollemento residencial ou dos centros de día.

Este é un programa de referencia en Galicia neste eido e que coa súa posta en marcha a nosa comunidade foi pioneira en España. Para elo, a Xunta destina cada ano 469.000 euros ao seu desenvolvemento a través dun concerto social coa UDC.





Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Cal é a evolución do Programa de avaliación e tratamento terapéutico a menores en risco ou desamparo dende a súa posta en marcha?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 21/01/2026 18:22:53
Noelia Pérez López na data 21/01/2026 18:22:59
María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2026 18:23:07
Víctor Baladrón Lamas na data 21/01/2026 18:23:15
Nicole Grueira Fernández na data 21/01/2026 18:23:23
Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2026 18:23:29
Argimiro Marnotes Fernández na data 21/01/2026 18:23:39
Maria Magdalena Perez Millares na data 21/01/2026 18:23:44
Raúl Santamaría González na data 21/01/2026 18:23:51



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 18:25:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 18:25:16
Nº Rexistro: 47135
Data envío: 21/01/2026 18:25:16.397

CSV: BOPGDSPG-wPIYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

As familias numerosas de Galicia poden solicitar o novo Título de Familia Numerosa, expedido pola Xunta de Galicia e con validez en toda España.

Así, desde o ano 2024, as familias numerosas que soliciten ou renoven o seu título xa ven ampliada a súa vixencia con carácter xeral ata que o fillo menor cumpra os 26 anos de idade, que é o tope de idade que establece a lei para manter no título aos fillos que seguen estudando e non dependen economicamente dos seus pais e os seus proxenitores.

Deste xeito, alívianse os trámites destes fogares que xa non terán que renovar esta acreditación anualmente tal e como viñan facendo, facilitando así o día a día dun colectivo con grandes necesidades de conciliar a vida familiar e laboral.

Con todo, como ata o de agora, as familias están obrigadas a notificar á Xunta de Galicia calquera cambio na súa unidade familiar (divorcios, nacementos, defuncións...) ou se algún dos seus membros deixa de cumprir os requisitos, é dicir, que algún dos fillos/as maiores de 21 anos deixen de estudar ou cobren máis do IPREM.

Outra novidade deste novo título é que substitúe o tradicional en papel por un en formato tarxeta.

O novo título tamén comporta un formato dixital que se pode obter a través da nova aplicación móbil xunta.eu e coa mesma validez que o título en formato tarxeta.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que balance fai o Goberno galego do novo título de familia numerosa?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 21/01/2026 18:34:23

Noelia Pérez López na data 21/01/2026 18:34:29

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2026 18:34:37

Víctor Baladrón Lamas na data 21/01/2026 18:34:44

Nicole Grueira Fernández na data 21/01/2026 18:34:52

Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2026 18:35:02

Argimiro Marnotes Fernández na data 21/01/2026 18:35:09

Maria Magdalena Perez Millares na data 21/01/2026 18:35:18

Raúl Santamaría González na data 21/01/2026 18:35:27



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 18:36:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47137
Data envío: 21/01/2026 18:36:37.501

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Os grupos da oposición veñen defendendo, a través de múltiples iniciativas e debates, que a Xunta de Galicia estableza a modalidade de xestión directa na totalidade das residencias de maiores que forman parte da rede pública autonómica. Curiosamente, este mesmo argumento non o manteñen alí onde nacionalistas e socialistas teñen responsabilidade de goberno, nunha mostra clara de falta de congruencia e contradición absoluta. Este é o caso da Deputación de Lugo, onde a maioría dos servizos de atención directa aos usuarios (como por exemplo o persoal de xericultura/auxiliares de xeriatría) están externalizados en empresas privadas. É máis, recentemente o bipartito de socialistas e nacionalistas no goberno da provincia de Lugo, vén de impoñer un modelo de xestión cen por cen privada para o centro de maiores de Becerreá co pretexto do seu elevado tamaño. Para o Partido Popular o máis relevante é seguir ampliando, como fixemos ata o de agora, a rede pública de residencias de atención ás persoas maiores, con máis prazas sostidas pola Xunta de Galicia. Para ofrecer as mellores garantías de calidade e eficiencia nas residencias da Xunta son válidas todas as fórmulas de xestión de cumbran coa lei de contratos do sector público.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da contradición na que incorren os grupos da oposición que defenden un modelo de xestión pública directa das residencias que non aplican alí onde gobernan?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 21/01/2026 18:46:23
Noelia Pérez López na data 21/01/2026 18:46:29
María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2026 18:47:20
Víctor Baladrón Lamas na data 21/01/2026 18:47:28
Nicole Grueira Fernández na data 21/01/2026 18:47:36
Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2026 18:47:47
Argimiro Marnotes Fernández na data 21/01/2026 18:47:53
Maria Magdalena Perez Millares na data 21/01/2026 18:48:00
Raúl Santamaría González na data 21/01/2026 18:48:08



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 18:49:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47139
Data envío: 21/01/2026 18:49:48,651

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Igualdade, dispón de dúas residencias de tempo libre en Panxón (Nigrán) e O Carballiño onde, entre outras iniciativas, desenvolve un programa de estadías de verán asumibles para as familias.

Así, baixo o programa 'Vacacións en familia', o Goberno galego ofrece ás familias galegas e mesmo doutras comunidades autónomas, a posibilidade de desfrutar nestes dous centros de titularidade autonómica dunha estadía de verán de seis días a prezos económicos, nos meses de xullo, agosto ou setembro.

O Goberno galego ampliou no ano 2025 as quendas ata o mes de outubro para que as familias con fillos maiores ou sen fillos puidesen desfrutar tamén destas residencias.

Esta proposta de vacacións dá acceso prioritario ás familias numerosas, monoparentais e acolledoras, así como a vítimas de violencia de xénero. Todas elas teñen preferencia en todas as quendas ao realizar a solicitude.

Na edición do ano 2023, 2.151 persoas participaron neste programa vacacional en familia, e na edición do ano 2024, este programa contou con 2.720 prazas repartidas en dez quendas durante os meses de xullo a outubro. En concreto, a residencia de Panxón ofertou 1.400 prazas e a do Carballiño outras 1.320.

Ademais, nesta última edición, o Goberno galego adiantou a data de publicación da orde de solicitude de prazas, coa finalidade de facilitar máis a planificación das familias.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Cal é o balance que fai o Goberno galego do programa "Vacacións en familia" desenvolvido no ano 2025?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 21/01/2026 19:04:15

Noelia Pérez López na data 21/01/2026 19:04:21

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2026 19:04:29

Víctor Baladrón Lamas na data 21/01/2026 19:04:37

Nicole Grueira Fernández na data 21/01/2026 19:04:51

Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2026 19:04:57

Argimiro Marnotes Fernández na data 21/01/2026 19:05:04

Maria Magdalena Perez Millares na data 21/01/2026 19:05:09

Raúl Santamaría González na data 21/01/2026 19:05:19



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 19:06:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47141
Data envío: 21/01/2026 19:06:18.627

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Garantir o benestar infantil implica obrigatoriamente mellorar os mecanismos de detección das situacións de desamparo ou de risco, desenvolver programas preventivos e mellorar a eficacia dos servizos, actuacións e medidas de intervención.

Para o Goberno galego, na atención á infancia e á adolescencia teñen carácter prioritario as actuacións dirixidas a previr posibles situacións de desprotección e conflito social, así como as graves carencias que menoscaben o seu desenvolvemento.

Un neno ou nena está desprotexido cando as persoas que están obrigadas a prestarlle atención e coidado non o fan, ou o fan de xeito indebido, e como consecuencia o menor carece da necesaria asistencia moral ou material. Nestes casos falamos de desamparo.

Tamén hai desprotección cando se produce calquera circunstancia que prexudica o desenvolvemento persoal, familiar ou social do neno ou nena, e que permite temer que no futuro poida chegar a constituír desamparo.

En todos estes casos deben intervir os servizos sociais e, nos supostos mais graves, a Administración asume a tutela dos menores, e a patria potestade que corresponda aos pais queda suspendida.

Neste sentido, cando se constata unha situación de risco, a actuación dos poderes públicos debe orientarse cara ao apoio á familia mediante o asesoramento e apoio técnico, a mediación en conflitos, as axudas económicas temporais, a educación familiar, e outras, de forma que os pais estean capacitados para atender aos seus fillos e fillas, e que estes poidan gozar dunhas condicións axeitadas desde o punto de vista social, económico e cultural.

Cando a situación é de desamparo, nese caso é a propia Administración a que asume a tutela administrativa dos menores e adopta outras medidas tales como o traballo coa familia de orixe, a garda temporal do menor por unha familia alternativa ou un centro especializado, ou a súa integración definitiva nunha familia adoptiva.





Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. De que recursos dispón o Goberno galego para os nenos e adolescentes en situación de vulnerabilidade?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 21/01/2026 19:11:57

Noelia Pérez López na data 21/01/2026 19:12:08

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2026 19:12:18

Víctor Baladrón Lamas na data 21/01/2026 19:12:29

Nicole Grueira Fernández na data 21/01/2026 19:12:39

Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2026 19:12:49

Argimiro Marnotes Fernández na data 21/01/2026 19:13:00

Maria Magdalena Perez Millares na data 21/01/2026 19:13:06

Raúl Santamaría González na data 21/01/2026 19:13:13



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 19:14:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47143
Data envío: 21/01/2026 19:14:07.824

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

O teléfono da infancia, 116111, é unha liña telefónica gratuíta que proporciona unha atención inmediata a situacións urxentes e problemáticas, á vez que pode facilitar aos nenos, nenas ou adolescentes unha vía de apoio, escoita ou de simple coñecemento das súas inquietudes e necesidades.

Tamén se dirixe a persoas adultas que teñan coñecemento de situacións nas que os dereitos de nenos, nenas e adolescentes estean a ser vulnerados. E a todas as persoas sen excepción que demanden información sobre os recursos e asesoramento en temas referentes aos dereitos da infancia.

A liña de axuda á infancia ten carácter confidencial e é un servizo prestado por psicólogos, apoiados por traballadoras sociais e avogados especializados en infancia e adolescencia durante as 24 horas, os 365 días do ano.

Trátase dun servizo xestionado por cada Comunidade Autónoma pero unificado en toda España, é dicir, o mesmo número telefónico (116111) ten atribuído o servizo de liña de axuda á infancia en todo o territorio español.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre os apoios prestados a través do teléfono da infancia?
2. Cal foi a súa evolución nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2026

Asinado o día 21/01/2026 ás
19:21
Por Noelia Pérez López

Asinado o día 21/01/2026 ás
19:21
Por Raquel Arias Rodríguez



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 21/01/2026 19:21:46
Noelia Pérez López na data 21/01/2026 19:21:53
María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2026 19:22:00
Víctor Baladrón Lamas na data 21/01/2026 19:22:09
Nicole Grueira Fernández na data 21/01/2026 19:22:18
Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2026 19:22:25
Argimiro Marnotes Fernández na data 21/01/2026 19:22:34
Maria Magdalena Perez Millares na data 21/01/2026 19:22:40
Raúl Santamaría González na data 21/01/2026 19:22:51



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 19:24:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47145
Data envío: 21/01/2026 19:24:21.386

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

O Goberno que preside Pedro Sánchez mantén a súa folla de ruta de impoñer un traslado de migrantes pactado con Puigdemont e co País Vasco, sen falar co resto das comunidade autónomas e obrigando ás facendas autonómicas a asumir todo o custe de atender a estes menores non acompañados.

Con acerto, desde a Xunta de Galicia lévanse meses reclamando diálogo, e fronte a isto o Goberno de Sánchez so ofrece unha nula planificación (a día de hoxe non sabemos cando e como prevé facer os traslados) e un recorte total do financiamento (o Goberno admitiu que o 100% do acollemento será asumido polas diferentes autonomías)

Ata 2024, os traslados facíanse de forma acordada e dialogada entre o Ministerio e as diferentes comunidades. Para contentar a Cataluña e País Vasco, o Goberno do PSOE e Sumar optou pola vía da imposición e por iso Galicia, xunto a outras 10 comunidades de distinto signo político, ten presentado un recurso ante o Tribunal Constitucional.

Galicia non vai cambiar a súa política de protección de menores, baseada na integración e no mesmo trato a todos os menores con independencia do seu lugar de nacemento, para crear guetos e macrocentros, tal e como pretenden os actuais dirixentes do Goberno de España. O sistema de protección galego ten unha sobreocupación do 108% e non pode asumir o acollemento doutros 300 menores.

Cómpre non esquecer que o Goberno Sánchez deseñou uns criterios de distribución de menores que están feitos á medida dos socios de Sánchez. Proba disto é que Galicia tería que acoller a 317 menores, mentres que a Cataluña e ao País Vasco se lle asignan 0 menores.

Galicia sempre foi solidaria pero non vai permitir que as decisións arbitrarias do Goberno central poñan en risco o sistema de protección autonómico -cómpre insistir- un dos máis integradores.





Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai o Goberno galego da pretensión do Goberno de España de impoñer, dun xeito unilateral e sen diálogo, un sistema de distribución de menores non acompañados entre as distintas comunidades autónomas?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 21/01/2026 19:42:24

Noelia Pérez López na data 21/01/2026 19:42:34

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2026 19:42:45

Víctor Baladrón Lamas na data 21/01/2026 19:42:52

Nicole Grueira Fernández na data 21/01/2026 19:42:59

Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2026 19:43:05

Argimiro Marnotes Fernández na data 21/01/2026 19:43:14

Maria Magdalena Perez Millares na data 21/01/2026 19:43:20

Raúl Santamaría González na data 21/01/2026 19:43:28



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 19:44:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47147
Data envío: 21/01/2026 19:44:25.615

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Segundo o último informe publicado polo Ministerio do Interior no mes de setembro, en Galicia hai 6.161 casos activos de vítimas de violencia de xénero.

Persoas que pola súa especial vulnerabilidade precisan dunha protección maior por parte das Administracións públicas. Protección que o Goberno central demostrou non garantir, xa que ante a noticia dos fallos das pulseiras antimaltrato e o sistema Cometa encargado do seu seguimento primeiro, oculta e tapa o fallo; segundo, unha vez destapado o caso, nega rotundamente as incidencias nas pulseiras e ignora ás vítimas; e terceiro, minimiza e resta importancia ao acontecido falando de incidencias “puntuais”, cando en realidade esas incidencias se prolongaron durante meses poñendo en risco a miles de mulleres.

O máis sorprendente é que estes fallos nas pulseiras xa foran denunciadas previamente polos sindicatos policiais, xuíces de violencia sobre a muller, fiscalías especializadas, e avogados especializados en violencia de xénero, e ¿que fixo a ministra de igualdade? Ignoralas.

Esta situación tivo consecuencias moi graves tanto na fase de instrución nos xulgados de Violencia sobre a Muller, como na fase de axuízamento, porque provocou unha gran cantidade de sobresementos provisionais ou sentenzas absolutorias.

Pensem os que durante ese tempo, nada se soubo da localización ou da actuación dos investigados cando o feito fora anterior ao 20 de marzo de 2024, o que supón a perda dun elemento probatorio para poder formular acusación naqueles xuízos se, por exemplo, o agresor quebrantaba a orde de afastamento.

Unha situación que dende o Grupo Popular consideramos gravísima.

O Goberno do señor Sánchez demostra, por segunda vez, o que lle importan as mulleres e as vítimas de violencia de xénero. Primeiro aprobando a lei do “Solo si é si” que rebaixou as condenas de miles de agresores sexuais e despois co problema das pulseiras telemáticas.





Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Foi informado o Goberno galego por parte do Executivo central do alcance que este fallo nas pulseiras antimaltrato tivo na nosa Comunidade?
2. É coñecedor de cantos procesos xudiciais puideron verse afectados por estes fallos nas pulseiras antimaltrato?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 21/01/2026 19:52:35

Noelia Pérez López na data 21/01/2026 19:52:41

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2026 19:52:50

Víctor Baladrón Lamas na data 21/01/2026 19:52:57

Nicole Grueira Fernández na data 21/01/2026 19:53:09

Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2026 19:53:15

Argimiro Marnotes Fernández na data 21/01/2026 19:53:25

Maria Magdalena Perez Millares na data 21/01/2026 19:53:30

Raúl Santamaría González na data 21/01/2026 19:53:37



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 19:55:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47149
Data envío: 21/01/2026 19:55:01.776

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47151
Data envío: 21/01/2026 20:03:07.816

Asinado o día 21/01/26
Por María Encarnación
Díaz

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Galicia marcou o paso a nivel nacional na atención ás persoas diagnosticadas con Esclerose Lateral Amiotrófica, doenza máis coñecida polas súas siglas ELA.

Deste xeito, no ano 2018 Galicia foi pioneira neste ámbito ao crear o Proceso asistencial integrado de Esclerose Lateral Amiotrófica. Ao abeiro deste procedemento de actuación buscou axilizar a atención das persoas con esta enfermidade. Así, establecéronse dúas vías: unha a nivel sanitario, para axilizar o diagnóstico e outra a nivel social coa implementación dunha vía preferente para a valoración da situación de dependencia das persoas con ELA e así poidan acceder a un servizo no menor tempo posible.

Asinado o día 21/01/2026 ás
20:00
Por Noelia Pérez López

E no ano 2023, o Goberno galego volveu demostrar o seu apoio a estas persoas e ás súas familias coa creación dunha nova axuda directa, útil e moi importante para achegarles un maior apoio. Así, Galicia converteuse na primeira Comunidade en poñer en marcha esta liña de axudas que foi imitada inmediatamente por outras comunidades autónomas. Unha liña de axudas que se mantén ano a ano.

Trátase dun apoio universal de 12.000 euros ao ano para facer fronte á compra de produtos básicos para o coidado, produtos sanitarios como muletas ou cadeiras de rodas ou para adaptar os seus fogares.

O Goberno galego explicou en moitas ocasións sobre a importancia desta axuda, xa que unha persoa diagnosticada con ELA pasa nun período de tempo moi curto de ser plenamente autónoma a converterse en gran dependente, con todo o que isto significa.

A Xunta destina este ano a estas axudas un orzamento de 3 millóns de euros. E faino en solitario.

E dicimos que o fai en solitario porque un ano despois da entrada en vigor da lei ELA a nivel estatal, a normativa segue sen vir acompañada de financiamento. E como consecuencia, os enfermos seguen sen percibir as axudas prometidas nesta lexislación estatal.

Asinado o día 21/01/2026 ás
20:00
Por Raquel Arias Rodríguez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



O Goberno galego xa advertiu en repetidas ocasións que a Lei ELA sen financiamento por parte do Goberno central se queda nunha simple declaración de intencións que en nada mellora a situación das persoas que padecen esta doenza e dos seus familiares.

A obriga das Administracións públicas é atender ás necesidades que se lle presentan aos cidadáns e demostrar a súa sensibilidade ante situacións tan difíciles como as que atravesan os pacientes con ELA. E iso é que fai o Goberno galego.

Fai uns días, o Goberno de Pedro Sánchez sorprendeunos cun novo decreto lei anunciando a aprobación de 500 millóns de euros para reforzar o Sistema de Atención á Dependencia (SAAD) e dar resposta á lei ELA.

Unha partida de 500 millóns que se descoñece se se van a materializar, xa que os doentes aínda están esperando polo paquete de 10 millóns de euros anunciado este mesmo verán.

Ademais, o anuncio tamén incorpora a creación dun grao III+ de dependencia extrema para as persoas con ELA, cando en Galicia xa contan con vía preferente e valoración automática do grao máximo de dependencia. Ademais, dado que o estado da enfermidade se atopa en estado avanzado e teñen dependencia completa, os coidados que precisan xa non só asistenciais - a atención a estes enfermos é domiciliaria e hospitalaria, precisando axuda de asistente persoal, axuda a domicilio...- senón tamén sanitarios.

Polo tanto, ese fondo de 500 millóns de euros demostra ser totalmente insuficiente e ademais carga ás comunidades autónomas co financiamento do 50% do custo.

Recordemos unha vez máis, que a Lei de Dependencia obriga ao Estado ao cofinanciamento do 50% neste eido, sen embargo a realidade demostra non só que o incumpre senón que a reduce ano tras ano.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai o Goberno galego do novo anuncio do Executivo central sobre a Lei ELA?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 21/01/2026 20:00:38

Noelia Pérez López na data 21/01/2026 20:00:49

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2026 20:00:56

Víctor Baladrón Lamas na data 21/01/2026 20:01:03

Nicole Grueira Fernández na data 21/01/2026 20:01:12

Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2026 20:01:18

Argimiro Marnotes Fernández na data 21/01/2026 20:01:25

Maria Magdalena Perez Millares na data 21/01/2026 20:01:31

Raúl Santamaría González na data 21/01/2026 20:01:37



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 20:03:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47151
Data envío: 21/01/2026 20:03:07.816

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A violencia de xénero é un tema grave e complexo que atenta contra os dereitos fundamentais das mulleres polo mero feito de seren, sen distinción de etnia, idade, clase social ou calquera condición persoal ou social.

Trátase dun problema social e global de grande magnitude, cuxas raíces se atopan na propia estrutura da sociedade, no seu funcionamento e na maneira en que asigna roles a homes e mulleres.

A súa visibilidade aumentou nos últimos anos grazas á maior concienciación das vítimas e as súas familias, así como á sensibilización crecente das institucións públicas, dos medios de comunicación, das forzas e corpos de seguridade e da sociedade no seu conxunto.

Trátase dun tipo de violencia estrutural e ideolóxica, baseada nun sistema de relacións de xénero e que funciona como un instrumento de dominación e control social dos homes cara as mulleres, asignando diferentes atributos, roles e espazos en función do sexo e xerando , polo tanto , desigualdades.

A violencia polo tanto constitúe, por si mesma, un elemento de exclusión, en tanto en canto limita a capacidade da muller de satisfacer as súas necesidades persoais. Pero os seus efectos son aínda máis perniciosos cando se trata de colectivos xa de por si vulnerables, como as nenas e mulleres con discapacidade.

De feito, segundo un estudio realizado por Inserta Empleo-Fundación Once, o 40% das mulleres con discapacidade sufriron violencia de xénero ao longo da súa vida.

Todos estes feitos que acabamos de describir son coñecidos como a dobre discriminación, a suma da violencia de xénero que lamentablemente xa sofren as mulleres polo mero feito de selas coa situación de discapacidade que moitas delas presentan.





A Convención sobre os Dereitos Humanos das Persoas con Discapacidade da Organización de Nacións Unidas, (ONU), inclúe tres artigos cuxa principal función é chamar a atención sobre grupos ou situacións de especial vulnerabilidade, nas cales se require medidas de protección específicas, debido a que se atopan nunha situación de desvantaxe maior, e como consecuencia diso ven afectados por unha dobre ou múltiple discriminación.

En concreto, o artigo 6 establece a sinalización específica que subliña as múltiples formas de discriminación que enfrontan as mulleres e as nenas con discapacidade, o que as coloca nunha situación aínda máis desvantaxosa que a dos homes ou nenos con discapacidade.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que medidas ten en marcha a Xunta de Galicia para o caso de mulleres con discapacidade?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 21/01/2026 20:09:49

Noelia Pérez López na data 21/01/2026 20:09:55

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2026 20:10:02

Víctor Baladrón Lamas na data 21/01/2026 20:10:10

Nicole Grueira Fernández na data 21/01/2026 20:10:19

Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2026 20:10:25

Argimiro Marnotes Fernández na data 21/01/2026 20:10:34

Maria Magdalena Perez Millares na data 21/01/2026 20:10:41

Raúl Santamaría González na data 21/01/2026 20:10:58



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 20:11:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47153
Data envío: 21/01/2026 20:11:55.765

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 09:40:53
Nº Rexistro: 47158
Data envío: 22/01/2026 09:40:53.013

Asinado o día 22/01/2026 ás 09:40
Por Ariadna Fernández

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Sonia Vidal Lamas e Ariadna Fernández González, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre o complemento ás ganderías extensivas en zonas con presenza de grandes carnívoros e a incompatibilidade coa gandería ecolóxica.

Asinado o día 22/01/2026 ás 09:40
Por Sonia Vidal Lamas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2023 entrou en funcionamento a PAC para o novo período coñecida como PEPAC 23-27. Neste novo período as explotacións agrogandeiras galegas tiveron a opción de solicitar axudas agroambientais, concretamente as **axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027, cofinanciadas nun 80 % polo Fondo Feader**. Axudas con compromisos plurianuais e que son fundamentais para as explotacións de Galiza.

Estas axudas incluían as seguintes seguintes intervencións agroambientais do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027:

“Complemento a ganderías extensivas en zonas con presenza de grandes carnívoros nas parcelas situadas en concellos do anexo III e V da Orde do 13 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre. Que tería que cumprir os seguintes criterios:

- Cumprir os compromisos da axuda de extensificación das explotacións gandeiras.*

Asinado o día 22/01/2026 ás 09:40
Por Secundino Fernández



- *Realizar pastoreo.*
- *Dispor dun mínimo de 15 UGM na explotación.*
- *Dispor de sistemas de vixilancia e/ou coidado do gando ante o risco de interacción con grandes carnívoros e mantelos durante todo o período de compromiso: dispositivos de xeolocalización polo menos no 20 % dos animais da explotación e/ou polo menos dous cans de garda por explotación (mastín español, mastín do Pirineo e/ou can de palleiro inscritos no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía).*

Así mesmo só se considerarán aquelas superficies de pastos que se atopan no concello onde este situada a explotación e colindantes.

Nesta axuda establécense os seguintes importes:

- *Prados temporais e permanentes e pastos arbustivos e pastos arborados: 75 €/ha.*

Esta axudas está limitada a 50 ha”

Esta axuda é importante para complementar as explotacións gandeiras nestes concellos nos que hai presenza destes grandes carnívoros como é o lobo.

Unha axuda que aínda que debера ser máis importante significa unha compensación para as explotacións das zonas de presenza desta fauna.

Curiosamente esta axuda non existe para as explotacións gandeiras en ecolóxico; o que non ten moito sentido. É como si nas explotacións ecolóxicas que polo mero feito de ser ecolóxicas xa teñen que ser extensivas non tiveran eses problemas de convivencia cos grandes carnívoros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG non entendemos que se siga pondo limitacións as explotacións ecolóxicas; non entendemos esta actuación da Xunta do PP contrario as mulleres e homes que están traballando e vivindo no rural e que decidiron apostar por un tipo de explotación respectuoso co medio ambiente e que produce alimentos de alta calidade.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Considera a Xunta de Galiza que as explotacións ecolóxicas en extensivo destes concellos non teñen problemas de convivencia cos grandes carnívoros?
- Por que a Xunta de Galiza non permite que as explotacións en ecolóxico opten a estas axudas?
- Canto orzamento se necesitaría para que as explotacións gandeiras ecolóxicas puidieran optar a estas axudas?
- Vai a Xunta de Galiza modificar a normativa destas axudas no 2025 para que as explotacións gandeiras ecolóxicas en extensivo podan optar a estas axudas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 22/01/2026 9:40:16

Sonia Vidal Lamas na data 22/01/2026 9:40:26

Ariadna Fernández González na data 22/01/2026 9:40:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 09:40:53
Nº Rexistro: 47158
Data envío: 22/01/2026 09:40:53.013

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 9:41:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 09:40:53
Nº Rexistro: 47158
Data envío: 22/01/2026 09:40:53.013

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Sonia Vidal Lamas, Brais Ruanova Vilas-Boas, Secundino Fernández Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a expansión vitícola.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A expansión descontrolada dos viñedos cara aos núcleos de poboación en Tomiño e noutras zonas vitivinícolas de Galiza está a xerar unha problemática que require unha intervención urxente por parte da Xunta. A proximidade destas explotacións agrícolas ás vivendas está a dificultar a convivencia, xerando molestias derivadas do uso de produtos fitosanitarios, da proliferación de pragas e da propia ocupación do espazo. Isto pode ter repercusións tanto na calidade de vida da cidadanía como na conservación do medio ambiente.

A viticultura é un sector fundamental na economía galega, xerando emprego e riqueza en moitas comarcas do país. Non obstante, o seu crecemento debe facerse de forma ordenada e respectando os dereitos das comunidades locais. A falta dunha regulación clara que delimite adecuadamente as áreas de cultivo e os espazos residenciais está a provocar unha situación de conflito que pon en risco tanto a actividade produtiva como o benestar da poboación. Esta problemática non se pode abordar desde unha óptica exclusivamente municipal, xa que afecta a múltiples concellos e require dunha planificación global que garanta unha convivencia harmoniosa entre os sectores produtivos e a cidadanía.



A Xunta de Galiza, como administración con competencias en ordenación do territorio, medio rural e protección ambiental, ten a responsabilidade de establecer as medidas necesarias para asegurar un equilibrio entre o desenvolvemento da viticultura e os dereitos das persoas residentes nos municipios afectados. Urxe a posta en marcha dunha estratexia coordinada que, sen prexudicar aos viticultores nin impoñerlles cargas económicas inasumibles, regule a expansión dos viñedos garantindo a protección dos espazos residenciais e dos ecosistemas naturais.

En definitiva, é necesario que a Xunta adopte medidas co obxectivo de compatibilizar a actividade vitivinícola co dereito da cidadanía a un ambiente saudable e unha convivencia equilibrada.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1. Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galiza para regular a expansión dos viñedos e garantir que se respecten distancias mínimas con respecto ás vivendas e cursos fluviais?

2. Existe algún plan da Xunta para modificar a normativa agraria e de ordenación territorial co fin de evitar a invasión de núcleos de poboación por viñedos e outras explotacións agrícolas?

3. Vai a Xunta implementar axudas para que os viticultores poidan adaptar as súas explotacións sen asumir custos inasumibles, ao tempo que se garante unha planificación ordenada do territorio?

4. Que medidas de inspección e control está a aplicar a Xunta para evitar a proliferación de viñedos en zonas non aptas ou demasiado próximas ás vivendas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Considera a Xunta que a situación actual en concellos como Tomiño vitícolas de Galiza cumpre os criterios dunha planificación ordenada e sustentable do territorio?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 22/01/2026 9:43:56

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 22/01/2026 9:44:03

Secundino Fernández Fernández na data 22/01/2026 9:44:13

Ariadna Fernández González na data 22/01/2026 9:44:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 09:44:50
Nº Rexistro: 47160
Data envío: 22/01/2026 09:44:50,797

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 9:44:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 09:44:50
Nº Rexistro: 47160
Data envío: 22/01/2026 09:44:50,797

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández e Cristina Fernández Davila, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre as axudas para a subministración de froitas frescas, castañas e leite líquido de consumo ao alumnado de centros escolares para o curso 2024-2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados agrarios, prevé dous réximes de axudas destinados a mellorar a distribución de produtos agrarios no alumnado de centros escolares. O primeiro réxime refírese á distribución de produtos dos sectores das froitas e hortalizas, das froitas e hortalizas transformadas e do plátano (programa de consumo de froitas e hortalizas nas escolas) e o segundo á distribución de leite e de produtos lácteos (Programa de consumo de leite nas escolas).

Posteriormente seguiron saíndo regulamentos europeos que incidían neste mesmo programa de incentivar o consumo de froitas e lácteos por parte das crianzas europeas.

Na actualidade existe unha tendencia descendente no consumo de froitas e hortalizas frescas e de leite de consumo, por iso os regulamentos comunitarios establecen a necesidade de centrar a distribución de forma prioritaria nestes produtos.

O datos oficiais indican que a evolución do programa de leite escolar nos últimos cursos amosa en Galiza unha tendencia á baixa, polo que cómpre darlle efectividade executando de xeito conxunto os programas de froita e de leite escolar.

Asinado o día 22/01/2026 ás
09:47
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 22/01/2026 ás 09:47
Por Secundino Fernández
Fernández





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No pasado agosto saíu publicada no DOG a *RESOLUCIÓN* do Fondo Galego de Garantía Agraria, *do 9 de agosto de 2024 pola que se regula o procedemento para a concesión das axudas para a subministración de froitas frescas, castañas e leite líquido de consumo ao alumnado de centros escolares e se convocan para o curso escolar 2024-2025*, e posteriormente saíu publicada unha modificación da citada resolución na que se incidía neste programa.

Estas axudas fináncianse no 100% con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA). O Imposto sobre o valor engadido (IVE) será subvencionado coa axuda da Xunta de Galiza.

Estamos polo tanto ante un programa importante e que debera ter unha grande repercusión nos centros galegos, xa que pode participar o alumnado dos colexios de infantil e primaria, institutos e centros de formación profesional de grado medio. Xa que logo, é unha convocatoria dirixida á totalidade dos alumnos de Galiza.

O resultado dos centros e alumnado beneficiario que se acolleron a estas axudas para o consumo destes produtos foi mais ben discreto; aínda que os responsábeis da Xunta de Galiza sacaron peito indicando nos medios a boa acollida desta axuda neste curso.

Dende o BNG non entendemos que si hai crédito orzamentario para estas axudas financiadas ao 100% polo FEAGA non se acolla un maior número de colexios e que podan acceder un maior número de nenas e nenos galegos.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Canto diñeiro se executou e canto quedou sen executar da partida prevista para esta liña de axuda?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Había posibilidade de aumentar a partida orzamentaria para que se acolleran mais centros?
- Cal é a evolución dos centros participantes e alumnado acollido nos últimos 10 cursos escolares?
- Que valoración fai a Xunta de Galiza da evolución desta liña de axuda que promove o consumo de froitas e leite entre os nosos escolares?
- Como valora a Xunta de Galiza que non se acolleran máis centros a estas axudas?
- Que medidas vai facer a Xunta de Galiza para potenciar este programa nos centros escolares?
- Considera importante a Xunta de Galiza esta liña que fomenta o consumo de froitas e leite frescos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 22/01/2026 9:47:21

Cristina Fernández Davila na data 22/01/2026 9:47:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 09:47:53
Nº Rexistro: 47169
Data envío: 22/01/2026 09:47:53.224

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 9:47:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 09:47:53
Nº Rexistro: 47169
Data envío: 22/01/2026 09:47:53.224

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Secundino Fernández Frenández e Sonia Vidal Lamas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a enfermidade de Aujeszky.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A enfermidade de Aujeszky está causada por un herpesvirus porcino tipo I, que da lugar a sintomatoloxía variable con cadros clínicos de tipo nervioso, respiratorio e reprodutivo, que dependen moito da cepa do virus, a idade do animal e a dose infectiva. A morbilidade e mortalidade é moi elevada, de xeito especial en leitóns e animais de cebo, cun período de incubación da enfermidade oscila entre os 2 e os 6 días aproximadamente .

Trátase dunha enfermidade de declaración obrigatoria (DO), onde as notificacións da detección de focos se levan a cabo polo Regulamento UE 2020/2002 da Comisión do 7 de decembro de 2020 polo que se establecen as normas de desenvolvemento do Regulamento UE 2016/429 do Parlamento Europeo e o consello relativas á notificación e ao envío de informes sobre as enfermidades da lista de declaración obrigatoria. Segundo os datos cos que se contan sobre as explotacións, estas son clasificadas segundo o nivel de control da enfermidade entre as A0 e as A4, podendo haber movementos unicamente entre granxas coa mesma categoría sanitaria.

A normativa estatal de aplicación ante Aujeszky réxese polo RD 360/2009 polo que se establecen as bases do programa nacional coordinado de loita, control e erradicación da enfermidade tratada, existindo tamén un programa nacional de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vixilancia de xabaríns, polo que se coñecemos que a seroprevalencia estimada de enfermidade de Aujeszky é dun 30,60% no estado español. En Galiza hai porcentaxes de afectados sobre o total de mostrados que oscilan entre o 16% de afectados en A Coruña e o 42% que se rexistra en Ourense, cun terzo dos xabaríns mostrados afectados pola enfermidade.

Estes animais da fauna silvestre son hospedadores do virus que produce dita enfermidade, sendo lugar de multiplicación, reserva en forma latente e difusión desta. No caso dos animais domésticos os casos diminuíron sensiblemente en explotacións porcinas de intensivo durante os últimos anos, aínda que si que se rexistran casos notificados en explotacións porcinas de extensivo, por varios motivos, entre os que destacan fallos de vacinación obrigatoria, ou contacto con xabaríns infectados polo virus.

No noso país realizáronse 534 analíticas durante o período de mostraxe que coincide coa tempada de caza, cun 48% de positividade en Galiza en xabaríns. Con esta seroprevalencia nos casos analizados é preciso poñer atención nesta enfermidade, que ademais de ser unha ameaza para o sector porcino galego, causa moitos problemas en cans chegando á morte. Este aumento dos casos nos cans son un signo claro do aumento lento pero constante da enfermidade nos últimos anos na fauna silvestre e, polo tanto, de que precisamos tratar a enfermidade de Aujeszky coma unha patoloxía que pode afectar tamén ao noso sector porcino, onde ate o de agora se mantén controlada grazas ao bo facer e medidas preventivas tomadas por parte dos gandeiros e gandeiras.

Dada esta situación débese considerar dende o goberno galego que a toma de mostras e a diagnose debe ser chave na xestión da enfermidade, ao igual que as medidas preventivas e de loita contra esta, asegurando a situación sanitaria das nosas explotacións de porcino, xa sexan de carácter intensivo ou extensivo, garantindo a protección e viabilidade do sector, moi relevante na economía do noso país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

. Que medidas adicionais vai tomar a Xunta de Galiza ao respecto da toma de mostras e diagnose da enfermidade de Aujeszky na nosa fauna silvestre, nomeadamente a poboación de xabarín que se atopa moi estendida polo país, e que resulta un perigo na transmisión de enfermidades cara o sector porcino?

. É consciente a Xunta de Galiza de que a enfermidade de Aujeszky está en situación de infradiagnose no noso país, coa complicación que iso supón á hora de facer unha valoración sobre a situación real?

. Prevé a Xunta de Galiza elaborar un plan de xestión do xabarín con medidas integrais e orzamento preciso para manter controlado o aumento da poboación deste suído e as enfermidades que este transmite?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 22/01/2026 9:54:37

Secundino Fernández Fernández na data 22/01/2026 9:54:47

Sonia Vidal Lamas na data 22/01/2026 9:54:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 09:55:06
Nº Rexistro: 47174
Data envío: 22/01/2026 09:55:06.745

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 9:55:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 09:55:06
Nº Rexistro: 47174
Data envío: 22/01/2026 09:55:06.745

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 10:06:32
Nº Rexistro: 47200
Data envío: 22/01/2026 10:06:32.668

Asinado o día 22/01/2026 ás 10:04
Por Víctor Baladrón L

Á Mesa do Parlamento

José Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

O Goberno galego declarou o 2025 como Ano Castelao co gallo da celebración do 75 aniversario do seu pasamento e como “mostra de gratitude do pobo galego” a esta figura senlleira da cultura e política galegas. Así o decidiu o Consello da Xunta na súa reunión celebrada o 27 de decembro de 2024, na que aprobou unha declaración institucional que erixe a Daniel Alfonso Rodríguez Castelao como “un dos persoeiros máis coñecidos e recoñecidos por todos os galegos e galegas” que é capaz de “convocar sempre e unir a todos”.

Asinado o día 22/01/2026 ás 10:04
Por Carmen Pomar Tojo

Consecuentemente, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude anunciou o desenvolvemento dunha ampla programación para enxalzar as importantes achegas do intelectual galeguista, tanto no eido da política como no da cultura.

Unha vez finalizado este ano especialmente dedicado a Castelao, os deputados e as deputadas asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, có fin de coñecer polo miúdo a valoración das actividades desenvolvidas, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Asinado o día 22/01/2026 ás 10:04
Por José Luis Ferro Iglesias

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 10:06:32
Nº Rexistro: 47200
Data envío: 22/01/2026 10:06:32.668

Que balance fai o Goberno galego da programación desenvolvida durante o Ano Castelao?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

José Luis Ferro Iglesias na data 22/01/2026 10:04:27
Carmen Pomar Tojo na data 22/01/2026 10:04:37
Víctor Baladrón Lamas na data 22/01/2026 10:04:48
Julio García Comesaña na data 22/01/2026 10:05:06
Patricia García González na data 22/01/2026 10:05:23
Rubén Lorenzo Gómez na data 22/01/2026 10:05:38
María Felisa Rodríguez Carrera na data 22/01/2026 10:05:50
Raúl Santamaría González na data 22/01/2026 10:06:02
Cecilia Vázquez Suárez na data 22/01/2026 10:06:15



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 10:06:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 10:06:32
Nº Rexistro: 47200
Data envío: 22/01/2026 10:06:32.668

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 10:12:58
Nº Rexistro: 47216
Data envío: 22/01/2026 10:12:58,444

Asinado o día 22/01/2026 ás 10:11
Por Víctor Baladrón L

Á Mesa do Parlamento

José Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

O Entroido galego é unha mostra máis da gran diversidade cultural que Galicia ten. Maniféstase tanto nos valores relacionados coa diversión, a tradición, o ocio e incluso a relixión, como na súa capacidade de expresión identitaria para moitos colectivos. Nesta liña, ademais do recoñecemento do Entroido galego coma BIC, xa se recoñeceron bens de interese cultural algúns dos entroidos que se celebran en Galicia. Trátase do Entroido de Santiago de Arriba, en Chantada, o Entroido de Salcedo, na Pobra do Brollón e o Entroido de Esgos, en Esgos.

Asinado o día 22/01/2026 ás 10:11
Por Carmen Pomar Tojo

Así mesmo, varios dos entroidos galegos foron recoñecidos como festas de interese turístico: o Entroido de Xinzo de Limia é festa de interese turístico internacional; o Entroido de Verín constitúese como festa de interese turístico nacional, e outros nove entroidos están recoñecidos como festas de interese turístico de Galicia: o Entroido de Cobres, o Entroido de Laza, o Entroido de Viana do Bolo, o Folión Tradicional do Entroido de Manzaneda, os Xenerais da Ulla, o Entroido de Maceda, o Entroido de Vilariño de Conso, o Entroido de Foz e o Enterro da Sardiña de Marín.

Asinado o día 22/01/2026 ás 10:11
Por José Luis Ferro Iglesias

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Ademais, a gastronomía, elemento fundamental da vida social e estreitamente ligada ao Entroido ao longo da historia, protagoniza numerosas celebracións específicas. Na actualidade, existen cinco festas gastronómicas de interese turístico vinculadas ao Entroido: a Feira do Cocido de Lalín, recoñecida como festa de interese turístico internacional, e outras catro festas galegas de interese turístico, que son a Festa da Filloa de Lestedo, a Festa do Lacón con Grelos de Cuntis, a Festa da Androlla de Viana do Bolo e a Festa do Botelo do Barco de Valdeorras.

Neste senso, o compromiso do Goberno galego con esta tradición é notoria. Proba disto é a declaración do Entroido galego coma Ben de Interese Cultural. Un recoñecemento que destaca polo seu valor singular como patrimonio inmaterial de Galicia e a súa importancia á hora de reafirmar a identidade dos concellos e a convivencia interxeracional. Desta forma, sabemos da sensibilidade que o Goberno galego ten pola posta en valor do Entroido galego. Un valor que é transversal a toda a sociedade e que fai que esta celebración chegue a todos os recantos de Galicia.

De tal maneira, cómpre destacar o valor histórico, etnográfico e social que alcanza ao Entroido en Galicia. Un valor compartido entre mozos e adultos que reafirma unha época do ano de gran transcendencia no panorama cultural galego.





Esta variedade de vivir e sentir o Entroido fai que exista unha ampla diversidade de entroidos que, nalgúns casos, responden a dinámicas diferentes, mesmo con ciclos temporais de duración variable, pero que teñen en común que se trata dunha tradición popular en torno a unha mesa idea: o gozo dunha celebración que xa é Ben de Interese Cultural en Galicia e que estará protexida polo seu valor singular como patrimonio inmaterial.

Desde o Grupo Popular celebramos esta medida de protección e salvagarda, xa que é unha mostra do gran traballo que o Goberno Galego fai por preservar e poñer en valor a nosa identidade e as nosas tradicións.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

Por outra banda, debemos ter presente que o mercado exterior e nomeadamente as exportacións a mercados europeos e americanos teñen servido para aliviar a presión sobre a xeración de excedentes en épocas de redución de consumo de viños tintos, sobre todo en zonas vitícolas cunha orientación produtiva de este tipo de elaboracións. Esta opción vese condicionada e ameazada pola inseguridade que ocasiona a caótica política arancelaria do goberno norteamericano.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

. Por que só se executaron axudas para 16 hectáreas cando hai máis de 3.800 hectáreas afectadas pola saturación de mercado?

. Que análise de custos reais de produción usou a Xunta para determinar que 0,58 €/kg era unha compensación xusta pola destrución de uva?

. Que mecanismos de información e asesoramento puxo en marcha antes da convocatoria da vendima en verde para garantir que todos os viticultores puidesen acceder a ela?

. Que medidas se adoptaron para impedir a compra de uva por debaixo de custo polas adegas na campaña anterior e na actual?

. Cal é o motivo polo que as Mesas do Viño seguen sen competencias reais nin función deliberante, malia as demandas reiteradas dos sindicatos agrarios e das denominacións de orixe?

. Por que se permite que a estrutura de apoio ao sector siga baseada na improvisación e non nunha planificación estratéxica a medio prazo?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 10:52:05
Nº Rexistro: 47282
Data envío: 22/01/2026 10:52:05.998

. Que medidas ten pensado o goberno galego para minimizar o impacto da caótica política arancelaria dos EE.UU. na exportación dos nosos viños ao continente norteamericano e que poden significar a perda de canles de distribución xa consolidados no mercado exterior?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 22/01/2026 10:51:13

Ariadna Fernández González na data 22/01/2026 10:51:20

Secundino Fernández Fernández na data 22/01/2026 10:51:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 10:52:05
Nº Rexistro: 47282
Data envío: 22/01/2026 10:52:05.998

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 10:52:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 10:52:05
Nº Rexistro: 47282
Data envío: 22/01/2026 10:52:05.998

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Plan Corresponsables non se trata dun simple programa de axudas, senón dunha ferramenta clave para transformar o modelo de coidados, recoñecendo, dignificando e profesionalizando o traballo de coidados, tradicionalmente invisibilizado e feminizado, e facilitando a conciliación real para as familias.

Este plan viña contando cun investimento inicial de máis de 190 millóns de euros desde 2021, o que permitiu a súa implantación a pesar das dificultades derivadas da pandemia. Con todo, a execución das axudas sufriu unha serie de obstáculos por parte do Goberno central: convocatorias tardías, cambios constantes nos criterios técnicos, duplicidades entre anualidades e falta de previsión orzamentaria que puxeron en xaque a continuidade e estabilidade dos servizos ofrecidos polos concellos.

A pesar destas dificultades, as comunidades e cidades autónomas, en particular a Xunta de Galicia, foron sacando os programas adiante facilitando a conciliación das familias e sensibilizando en materia de corresponsabilidade.

En maio de 2025, o Goberno central consumou un recorte global de 50 millóns de euros no financiamento que transfire ás Comunidades Autónomas, o que supuxo para Galicia deixar de percibir 2,3 millóns de euros.

Esta decisión modificou as "reglas do xogo" a metade do exercicio orzamentario, poñendo en risco a estabilidade de servizos fundamentais como campamentos de verán, servizos de madrugadores e plans de sensibilización que xa estaban comprometidos polos concellos galegos.





Deste xeito, o Ministerio de Igualdade obrigaba ás comunidades autónomas a cofinanciar a parte que deixaba de achegar o Goberno central.

Está situación resultou totalmente inadmisíbel posto que nos atopabamos no segundo trimestre do exercicio económico 2025, con programas xa iniciados, contratos xa comprometidos e familias con expectativas de solucionar os seus posibles problemas de conciliación grazas a estes recursos.

Na Conferencia sectorial de Igualdade celebrada en maio do ano pasado, acordouse a celebración dunha nova conferencia para o mes de outubro do mesmo ano, co obxecto de traballar sobre o acordo do novo plan corresponsables para o 2026.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Sabe o Goberno galego cales van a ser os criterios de distribución e reparto do Plan Corresponsables para o ano 2026 por parte do Executivo central?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 22/01/2026 10:50:38
Noelia Pérez López na data 22/01/2026 10:50:49
María Encarnación Amigo Díaz na data 22/01/2026 10:51:01
Víctor Baladrón Lamas na data 22/01/2026 10:51:13
Nicole Grueira Fernández na data 22/01/2026 10:51:25
Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/01/2026 10:51:34
Argimiro Marnotes Fernández na data 22/01/2026 10:51:47
Maria Magdalena Perez Millares na data 22/01/2026 10:51:55



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 10:52:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 10:52:10
Nº Rexistro: 47283
Data envío: 22/01/2026 10:52:10.960

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a falla de obxectivos ambiciosos e de execución orzamentaria en materia de promoción de vivenda pública.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2021 o goberno galego presentaba un novo plan de vivenda baixo o título *Pacto Social da vivenda 2021-2025*. Un plan cargado de vaguidades e de falla de concreción sobre as medidas e obxectivos concretos que pretendía acadar. Tal era a indefinición que a Xunta de Galiza tardou máis de dous anos, logo da súa aprobación, en anunciar unha meta precisa en materia de desenvolvemento e promoción de vivenda protexida e de vivenda pública.

De forma que en 2023 o Consello da Xunta comunicou o desenvolvemento da *Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida*. Esa estratexia propón incorporar 1.802 novas vivendas ao parque público de vivenda, contando as xa incluídas dende 2022 e até o 2026. En concreto o goberno comprometéase a incorporar 959 vivendas promovidas polo IGVS, 260 vivendas promovidas por promotores privados e concellos, 157 vivendas adquiridas e rehabilitadas a través do programa Rexurbe, 331 vivendas con axudas para recuperar inmobles e edificios propiedade municipal e 125 vivendas adquiridas á SAREB.

Asinado o día 20/01/2026 ás
16:50
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 20/01/2026 ás
16:50
Por Alexandra Fernández Gómez





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O compromiso global do goberno segue a ser insuficiente tendo en conta que no Rexistro de Demandantes de Vivenda existen máis de 18.000 familias agardando por unha vivenda protexida, das cales, máis do 80% solicitan o réxime de vivenda pública.

Por se fose pouco, o cativo compromiso da Xunta de Galiza non está a contar co impulso económico necesario para acadar os resultados prometidos. Nas contas de 2023 o executivo comprometeu unha partida de 8M€ para a construción de vivendas de promoción pública, das que apenas executaron 2,6M€. É dicir, 2 de cada 3 euros previstos non chegaron a executarse. O mesmo sucede coa partida prevista para a promoción de solo residencial, que con apenas 2M€ executados só logra executar 1 de cada 3 euros.

Con este ritmo de investimento semella realmente complicado que a Xunta acade os cativos obxectivos marcados na súa estratexia. Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Cantas vivendas de promoción pública foron entregadas en 1º adxudicación dende o 2023?
- Cantas vivendas foron entregadas en 1º adxudicación a través do programa Rexurbe dende o 2023?
- Cantas vivendas foron cedidas pola SAREB ao IGVS dende o 2023?
- Que valoración fai o executivo galego da execución orzamentaria en materia de vivenda no ano 2023?
- Considera a Xunta de Galiza que é necesario incrementar o investimento e a execución en materia de promoción de solo e vivenda pública?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cantas vivendas ten previsto a Xunta de Galiza incorporar ao parque público de vivenda ao longo do ano 2024?

- Que valoración fai a Xunta do desenvolvemento da *Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida durante o ano 2023?*

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 20/01/2026 16:50:08

Luis Bará Torres na data 20/01/2026 16:50:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 16:50:26
Nº Rexistro: 46862
Data envío: 20/01/2026 16:50:26.428

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 16:50:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 16:50:26
Nº Rexistro: 46862
Data envío: 20/01/2026 16:50:26.428

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Secundino Fernández Fernández, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a finalización da parcelaria en Carnés e Cereixo (Vimianzo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2020, despois de 34 anos dende que se iniciaron os traballos, a Consellería do Medio Rural daba por finalizada administrativamente a concentración parcelaria na zona de Cereixo e de Carnés, no municipio de Vimianzo, ao aprobarse en firme o acordo deste proceso de reorganización do territorio que pasou de 9.341 parcelas iniciais a 2.112 predios, quedando pendente só de entregar os títulos definitivos de concentración aos 1.126 propietarios beneficiados por esta reestruturación de 372 hectáreas de superficie.

Non obstante, a Consellería de Medio Rural, segue sen entregar os títulos de propiedade notariais de cada finca resultantes da reorganización desas terras, explicando a principios deste ano nas dependencias da delegación provincial que tiñan pendente realizar correccións técnicas, como cotexar algunhas gráficas do catastro coas gráficas resultantes da concentración. Informaron que ao longo do ano rematarían cos traballos para facer entrega dos títulos de propiedade, mais os veciños e veciñas dos lugares seguen sen ter noticias sobre a finalización do expediente.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Asinado o día 22/01/2026 ás 10:58
Por Secundino Fernández
Fernández

Asinado o día 22/01/2026 ás
10:58
Por Oscar Insua Lema





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- En que estado se atopan os traballos do expediente da concentración parcelaria na zona de Cereixo e de Carnés?
- Cal é a previsión do goberno galego para finalizar de forma definitiva a concentración parcelaria nestas zonas?
- Vanse entregar neste ano 2025 os respectivos títulos de propiedade?
- Apareceu algún problema ou inconveniente que impida a finalización deste proceso de concentración parcelaria?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 22/01/2026 10:58:36

Secundino Fernández Fernández na data 22/01/2026 10:58:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 10:58:56
Nº Rexistro: 47289
Data envío: 22/01/2026 10:58:56.523

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 10:58:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 10:58:56
Nº Rexistro: 47289
Data envío: 22/01/2026 10:58:56.523

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 10:59:11
Nº Rexistro: 47290
Data envío: 22/01/2026 10:59:11.966

Asinado o día 22/01/2026 ás 10:53
Por Rubén Lorenzo G

Á Mesa do Parlamento

Julio García Comesaña, Carmen María Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Patricia García González, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura

O Consello da Xunta analizou recentemente o Mapa de apoios da Xunta de Galicia á I+G+i 2026, unha ferramenta estratéxica que recolle 35 liñas de axuda cun orzamento global de 261 millóns de euros, procedentes de 14 departamentos integrados en sete consellerías do Goberno galego.

Este instrumento ten como obxectivo principal dar seguridade, previsibilidade e capacidade de planificación ás entidades e profesionais vencellados á ciencia, á investigación e á innovación, facilitando unha visión conxunta das convocatorias previstas e permitindo unha mellor preparación dos proxectos e das solicitudes de axuda.

O Mapa de apoios enmárcase nun contexto especialmente positivo para o ecosistema galego de I+G+i. No ano 2024 Galicia acadou unha cifra récord de investimento en I+D de 1.058 millóns de euros, cun crecemento superior ao da media estatal, o que permitiu á Comunidade escalar posicións tanto no *ranking* estatal como no europeo en materia de innovación.

Trátase ademais dun documento vivo e dinámico, que chega xa á súa cuarta edición e que poderá incorporar novas convocatorias ao longo do ano, estruturándose arredor de cinco grandes áreas estratéxicas: talento, coñecemento, innovación e emprendemento, colaboración estratéxica e posicionamento.

Cómpre salientar tamén que no primeiro trimestre de 2026 está previsto o lanzamento de 23 liñas de axuda, dirixidas, entre outros ámbitos, ao apoio ao persoal investigador, ao talento mozo, ao investimento no medio rural, á transformación da industria, ao impulso das *startups* galegas e á xeración de valor a través da innovación.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia considera relevante poñer en valor esta ferramenta de planificación, así como coñecer a valoración do Goberno galego sobre o seu alcance e impacto previsto no fortalecemento do sistema galego de ciencia e innovación.

Asinado o día 22/01/2026 ás 10:53
Por Carmen Pomar Tojo

Asinado o día 22/01/2026 ás 10:53
Por Julio García Comesaña

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do Mapa de apoios á I+G+i 2026?
2. De que maneira considera que esta ferramenta contribúe a reforzar a planificación, a coordinación interdepartamental e o impulso da ciencia, a investigación e a innovación en Galicia?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Julio García Comesaña na data 22/01/2026 10:53:27
Carmen Pomar Tojo na data 22/01/2026 10:53:33
Rubén Lorenzo Gómez na data 22/01/2026 10:53:41
María Felisa Rodríguez Carrera na data 22/01/2026 10:53:49
Víctor Baladrón Lamas na data 22/01/2026 10:53:55
José Luis Ferro Iglesias na data 22/01/2026 10:54:06
Patricia García González na data 22/01/2026 10:54:22
Raúl Santamaría González na data 22/01/2026 10:54:28
Cecilia Vázquez Suárez na data 22/01/2026 10:54:34



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 10:59:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 10:59:11
Nº Rexistro: 47290
Data envío: 22/01/2026 10:59:11.966

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes** sobre o balance do Goberno galego acerca do fomento da contratación de seguros agrarios

As explotacións agrogandeiras e forestais enfróntanse a riscos imprevisibles os cales lles poden afectar de xeito drástico aos rabaños, colleitas e/ou producións, comprometendo a súa viabilidade económica.

Na produción vexetal, destaca a posibilidade da destrución das colleitas ou das masas arbóreas como consecuencia de sinistros meteorolóxicos extemporáneos, que posúen unha tendencia a aumentar a medida que evoluciona o cambio climático. As xeadas, salpedreses, inundacións, temporais ou secas son algunhas das principais causas de perdas económicas.

Certamente, tanto a ocorrencia como o impacto destes sinistros en Galicia é moito inferior que noutras comunidades do noso país. Non obstante, temos que estar igualmente preparados para capear estas potenciais situacións, así como para tratar a aparición de enfermidades ou accidentes fortuítos que poden afectar ás mandas, e que supoñen a perda de animais ou das producións nas explotacións gandeiras galegas. Eliminar a incerteza económica derivada destas circunstancias é un dos grandes desexos do sector produtor e, por suposto, das administracións públicas.

A estes efectos, desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, cremos firmemente que o seguro agrario é un factor de enorme estabilidade para o sector, ademais dun instrumento para garantir as rendas agrarias. Neste eido, somos conscientes de que, aínda sendo voluntarios, existe unha motivación por parte da Consellería do Medio Rural en favor dos seguros das explotacións agrarias profesionais, incentivando a súa contratación.

A medida coa que máis se fomentan os seguros é a da subvención directa, sen trámites adicionais para o asegurado. O incremento do nivel do seguro agrario beneficia aos agricultores e gandeiros, na medida en que teñen unha maior protección sobre as súas producións.





Por extensión, esta maior seguridade repercute tamén na poboación en xeral, xa que ampara a produción de alimentos sans e seguros por parte das axentes do sector primario. Nesta liña, cómpre sinalar que, neste 2026, destínanse un total de 9,5 millóns de euros ás axudas para fomentar a contratación destes seguros.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Cal é o balance que fai o Goberno galego acerca do necesario fomento da contratación de seguros agrarios por parte das explotacións agrogandeiras e forestais da nosa comunidade en relación coas axudas destinadas neste materia?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 22/01/2026 11:06:30

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/01/2026 11:06:39

José Mato Díaz na data 22/01/2026 11:06:47

Enrique Barreiro Sánchez na data 22/01/2026 11:06:54

Cristina Campero Dorado na data 22/01/2026 11:07:03

Juan Manuel Casares Gándara na data 22/01/2026 11:07:08

Nicole Grueira Fernández na data 22/01/2026 11:07:17

Ángel Rodríguez Conde na data 22/01/2026 11:07:30

Cecilia Vázquez Suárez na data 22/01/2026 11:07:36



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 11:08:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 11:08:35
Nº Rexistro: 47292
Data envío: 22/01/2026 11:08:35.519

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonso, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á valoración por parte do goberno dos resultados do baleirado do seu autogoberno fiscal en materia de perda de oportunidades de recadación e redistribución da riqueza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente coñecíanse datos do Ministerio de Facenda e do informe Panorama de la fiscalidad autonómica y foral 2024 do Consello Xeral de Economistas que evidencian novamente a política de baleirado do autogoberno fiscal que leva a cabo a Xunta do Partido Popular ao permitir a comparación de ingresos en materia impositiva por parte das comunidades autónomas.

Esta información, na mesma liña que os resultados das Contas Xerais da Xunta e dos informes anuais da ATRIGA confirman unha tendencia: o goberno da Xunta de Galiza espreme cada vez menos o limitado marxe de autogoberno fiscal co que conta o noso país e iso supón unha perda de oportunidades de recadación e redistribución da riqueza. Así, Galiza sitúase entre as cinco comunidades autónomas que menos recadación ten e obsérvase unha baixada na recadación acentuada nos últimos anos. Desta maneira, en Galiza os impostos propios soamente representan o 1,4 por 100 dos ingresos tributarios, un porcentaxe por debaixo da media das autonomías.

Asinado o día 22/01/2026 ás
11:08
Por Ramón Fernández Alfonso

Asinado o día 22/01/2026 ás
11:07
Por Noa Presas Bergantiños





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste sentido, cómpre recordar que sobre a teoría un dos obxectivos do actual sistema de financiamento foi dotar ás distintas comunidades dunha maior capacidade fiscal que podería ir en progresivo aumento. Porén, o sistema tamén fracasou neste aspecto e, tal e como recorda o recente *Informe de fiscalización sobre os resultados para Galiza do sistema de financiamento das CCAA de réxime común. Exercicios 2009-2021* do Consello de Contas, xa no ano 2016 o informe da Comisión de Expertos a nivel estatal puxo de relevo que o propio sistema adoece dun déficit de responsabilidade fiscal por parte das comunidades que provén dun baixo nivel de autonomía de ingresos e dun marco institucional que non as dota de suficiente poder de decisión individual e sitúa no aumento da marxe de decisión fiscal o potenciamento da autonomía e a corresponsabilidade fiscal.

É dicir, os propios informes do Estado recoñecen o evidente. Máis aínda, o Informe do Consello recolle como Galiza, por decisión política, ten renunciado a espremer o marxe de autogoberno nos últimos anos. Así, sinala literalmente que o noso país “*atópase cunha capacidade fiscal por debaixo da media das CCAA (nunha posición relativa de 93 sobre un índice de 100) e cunhas necesidades de gasto (...) moi superiores da media daquelas (a segunda comunidade con maiores necesidades de gasto).*”

En conclusión, malia as crecentes necesidades de financiamento e a potencia que ten o exercicio do autogoberno fiscal non só para avanzar en recadación senón para deseñar unha política económica activa que modele o país que queremos, o goberno galego renuncia a facelo e impulsa unha política fiscal de baleirado impositivo na que, ademais, busca favorecer sectores e colectivos distintos ás maiorías sociais, privilexiando ámbitos como as rendas máis altas ou sectores como o do xogo.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É necesario, polo tanto, facer seguimento e avaliación da evolución da recadación e da política de baleirado fiscal da Xunta de Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

Que valoración fai o goberno galego de que Galiza sexa das comunidades con peores porcentaxes de ingresos tributarios por impostos propios?

Que valoración fai o goberno galego de que Galiza renuncie a desenvolver o seu autogoberno fiscal?

Comparte o goberno galego de que un dos fracasos do sistema de financiamento ten que ver con non ter servido para dotar ás distintas comunidades dunha maior capacidade fiscal tal e como sinala a Comisión de Expertos estatal?

Que valoración fai o goberno galego de que Galiza se atope cunha capacidade fiscal por debaixo da media das CCAA?

E de que asemade se atope cunhas necesidades de gasto moi superiores da media daquelas, sendo a segunda comunidade con maiores necesidades de gasto?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/01/2026 11:07:34

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/01/2026 11:08:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 11:09:08
Nº Rexistro: 47295
Data envío: 22/01/2026 11:09:08,899

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 11:09:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 11:09:08
Nº Rexistro: 47295
Data envío: 22/01/2026 11:09:08,899

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares e Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Cada 25 de Novembro celebramos o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, para reclamar políticas en todos os países dirixidas á súa erradicación. A protección das vítimas e a defensa da súa dignidade debe ser unha prioridade innegociable de todas as institucións.

A violencia contra as mulleres en todas as súas manifestacións (violencia de xénero, violencia sexual, prostitución e trata con fins de explotación sexual) constitúe a expresión máis inaceptable da desigualdade nunha sociedade democrática como a nosa.

Porque non podemos esquecer que a violencia de xénero é un problema público e social de primeira magnitude, cuxas raíces se atopan na propia estrutura da sociedade, no seu funcionamento e na maneira en que asigna roles a homes e mulleres creando unha desigualdade inaceptable.

Deste xeito, a violencia contra as mulleres representa un ataque directo ao dereito á vida, á integridade física, á liberdade, á non discriminación e, en definitiva, á dignidade, todos eles valores irrenunciabes que proclaman tanto a Constitución Española coma o noso Estatuto de Autonomía.

A loita contra a violencia de Xénero é un obxectivo prioritario e irrenunciable para a Xunta de Galicia e para o Partido Popular, un compromiso que se traduce en feitos concretos como por exemplo:

- Somos unha referencia no ámbito lexislativo, así como en ofrecer mellor asistencia ás vítimas e nas políticas de prevención.
- Dende o ano 2009 a Xunta multiplicou por os orzamentos dedicados a Igualdade e loita contra a violencia de xénero
- Temos unha lei de violencia de xénero das máis avanzadas e progresistas do Estado grazas a dúas reformas doas anos 2016 e 2022.





- Galicia foi a primeira comunidade en poñer en marcha un servizo de quenda de garda 24 horas para as mulleres vítimas e os seus fillos menores.
- Tamén foi a nosa a primeira comunidade en ofrecer asistencia integral dos nenos orfos por violencia machista e en ofrecer vivendas tuteladas para mulleres vítimas de violencia e que ademais padecen enfermidades mentais.
- Somos a única comunidade que da unha axuda mensual ás vítimas, dende hai 20 anos e de forma ininterrompida, con fondos propios.
- E fomos unhas das primeiras comunidades en recoñecer a violencia dixital como unha forma de violencia de xénero, tamén na posta en marcha da lei contra a violencia vicarias e estamos traballando na primeira lei contra a violencia dixital en Europa.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que balance fai o Goberno galego das medidas que ten posto en marcha para a prevención e loita contra a violencia de xénero?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 22/01/2026 11:56:54

Noelia Pérez López na data 22/01/2026 11:57:01

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/01/2026 11:57:10

Víctor Baladrón Lamas na data 22/01/2026 11:58:39

Nicole Grueira Fernández na data 22/01/2026 11:58:47

Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/01/2026 11:58:54

Argimiro Marnotes Fernández na data 22/01/2026 11:59:03

Maria Magdalena Perez Millares na data 22/01/2026 11:59:09

Raúl Santamaría González na data 22/01/2026 11:59:15



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 12:00:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 12:00:21
Nº Rexistro: 47353
Data envío: 22/01/2026 12:00:21.866

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 12:04:03
Nº Rexistro: 47355
Data envío: 22/01/2026 12:04:03,123

Asinado o día 22/01/2026
12:02
Por Raquel Arias Rod

Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Xunta de Galicia prevé aprobar, no primeiro trimestre deste ano 2026, o novo decreto que institucionalizará o Diálogo Social en Galicia, adaptándoo ás novas realidades laborais.

Esta norma, que regulará por primeira vez a Mesa de Diálogo Social de Galicia, persegue dotar este espazo de maior transversalidade e adecualo ás novas realidades laborais, potenciándoo como ferramenta estratéxica para abordar cuestións de calado para a nosa comunidade, como a prevención de riscos laborais e do absentismo inxustificable, a igualdade laboral ou o benestar laboral, entre outras.

Ademais, reflectirá as funcións e composición da Mesa, que consta de Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría e Vogalías e o seu funcionamento a través do pleno, da comisión delegada e das mesas sectoriais e intersectoriais. Tamén servirá para actualizar a composición das mesas que compoñen o Diálogo social e nas que figuran diferentes consellerías.

Na actualidade, existe a Mesa de Emprego (cos grupos de traballo de Políticas activas de emprego e flexibilidade da formación, prevención de riscos laborais e absentismo laboral e igualdade laboral) e a Mesa de Economía e Industria (cos grupos de traballo de Industria e enerxías, Naval e Automoción).

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Asinado o día 22/01/2026 ás 12:02
Por María Encarnación Amigo Díaz

Asinado o día 22/01/2026 ás 12:02
Por Noelia Pérez López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 12:04:03
Nº Rexistro: 47355
Data envío: 22/01/2026 12:04:03,123

Cal é a situación do Diálogo Social de Galicia e como vai repercutir na mellora das relacións sociais e laborais da nosa Comunidade?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-wPIYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 22/01/2026 12:02:29
María Encarnación Amigo Díaz na data 22/01/2026 12:02:41
Raquel Arias Rodríguez na data 22/01/2026 12:02:52
Víctor Baladrón Lamas na data 22/01/2026 12:03:03
Nicole Grueira Fernández na data 22/01/2026 12:03:16
Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/01/2026 12:03:24
Argimiro Marnotes Fernández na data 22/01/2026 12:03:37
Maria Magdalena Perez Millares na data 22/01/2026 12:03:46



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 12:04:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 12:04:03
Nº Rexistro: 47355
Data envío: 22/01/2026 12:04:03.123

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, Paula Mouzo Mas, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Magdalena Pérez Millares, Moisés Rodríguez Pérez, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

O sector pesqueiro galego representa un pilar estratéxico da nosa economía, tanto polo volume de emprego como polo seu impacto social e pola súa capacidade exportadora. Entre as súas artes, o palangre demersal ou semipeláxico ocupa un papel central, especialmente en relación á captura de especies como a pescada, que constitúe un recurso esencial para a frota e para o mercado galego.

Porén, a normativa estatal e comunitaria non diferencia con claridade este aparello respecto ao palangre de fondo, o que supón un prexuízo para a frota galega, pois non se recoñece a súa maior selectividade nin o menor impacto ambiental derivado da súa actividade.

A Consellería do Mar vén de solicitar formalmente ao Goberno central que o palangre demersal sexa incluído na clasificación de aparellos de anzol prevista no Real Decreto 502/2022, coa finalidade de dotar ao sector dun marco normativo xusto, actualizado e adaptado á realidade das nosas frotas.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

1. Que avances ten realizado a Xunta de Galicia nas súas xestións có Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para conseguir que o palangre demersal se catalogue como aparello de anzol, diferenciándoo do palangre de fondo e recoñecendo así a súa maior sustentabilidade e selectividade?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Patricia García González na data 22/01/2026 12:09:29

Miguel Fidalgo Iglesias na data 22/01/2026 12:09:36

Paula Mouzo Mas na data 22/01/2026 12:09:46

Jesús María Fernández Rosende na data 22/01/2026 12:09:55

Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/01/2026 12:10:02

Maria Magdalena Perez Millares na data 22/01/2026 12:10:07

Moisés Rodríguez Pérez na data 22/01/2026 12:10:16

Raúl Santamaría González na data 22/01/2026 12:10:30

Manuel Santos Costa na data 22/01/2026 12:10:37



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 12:12:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 12:12:01
Nº Rexistro: 47358
Data envío: 22/01/2026 12:12:01.949

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de que a Consellería de Educación solvente o problema da falta de efectivos nas listaxes de substitución de profesorado galego en varias especialidades.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de outubro a Consellería de Educación foi advertida pola organización sindical CIG-Ensino como representación maioritaria do persoal docente, da necesidade de abrir as listaxes de substitucións de varias especialidades de Secundaria, sobre todo Latín e Grego, que non contaban con persoal dispoñible.

Esta reclamación foi atendida pola Consellería que impulsou o procedemento e no mes de novembro resolveuno provisionalmente. Malia isto, na actualidade non está publicada a resolución definitiva a pesar de que xa se fixeron chamamentos ás persoas que figuran na listaxe provisional. Con este paso, as listaxes aínda non vixentes volven estar sen ningunha persoa dispoñible para novas incorporacións nas dúas especialidades máis afectadas.

Consecuencia desta situación de falta de planificación e anticipación a un problema que era evidente dende antes das propias xubilacións das profesionais que deixaron baleiras as prazas, temos agora centros educativos onde non se poden impartir as materias de Latín e Grego, como son os IES de Melide, o Concepción Arenal de Ferrol ou o Santa Irene de Vigo, onde o alumnado non recibe formación destas materias.

Asinado o día 22/01/2026 ás
13:01
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 22/01/2026 ás
13:01
Por Cristina Fernández Davila





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Pero non só acontece con estas dúas especialidades. No mes de decembro abríronse as listaxes do corpo de catedráticos/as e de profesorado de música e artes escénicas, así como de Portugués nas Escolas Oficiais de Idiomas. Neste intre aínda están sen resolver os procedementos e varias vacantes sen cubrir a estas alturas de curso.

Este problema deixa 13 vacantes sen cubrir nos conservatorios galegos e 3 de portugués nas EOI.

Por outra banda está sen atender unha substitución de profesorado de secundaria de Edificación pola renuncia da última persoa que quedaba nesta listaxe de substitución.

Esta falta de persoal para realizar substitucións e cubrir as vacantes existentes, ten consecuencias negativas tanto para o alumnado afectado, para o profesorado e para a organización dos centros educativos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1.- Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP abrir unha negociación activa e permanente coa representación sindical das traballadoras/es do Ensino Público para abordar solucións á falta de profesionais nas listaxes de substitución das distintas especialidades?

2.- Vai a Consellería de Educación darlle estabilidade ao persoal interino e substituto que están sostendo un servizo básico como é o Ensino Público e, polo tanto, ao sistema educativo galego?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Vai a Consellería axilizar os procedementos abertos para dispoñer das listaxes definitivas canto antes, así como planificar a necesidade de impulsar novas listaxes noutras especialidades onde os efectivos non van ser suficientes no resto do curso escolar?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 22/01/2026 13:01:48

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/01/2026 13:01:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 13:06:29
Nº Rexistro: 47409
Data envío: 22/01/2026 13:06:29.211

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 13:06:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 13:06:29
Nº Rexistro: 47409
Data envío: 22/01/2026 13:06:29.211

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as medidas que debe levar a cabo Goberno Galego para garantir unha Atención Primaria de calidade no Centro de saúde de Tui.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da Atención Primaria no país é un dos temas máis preocupantes para a sociedade, con cupos desbordados, falta de persoal, peche de centros, falta de planificación por parte da Xunta e un longo etcétera.

Todo isto causa non só que se colapse a atención nos centros de saúde, onde xa é normal que as citas se pidan con dúas semanas de antelación, se non que ante a falta de atención as galegas e galegos recorren cada vez máis aos servizos de urxencias por doenzas menores causando tamén o colapso destas.

Polo tanto a Atención Primaria, e o reforzo da mesma, é a base para termos un sistema sanitario digno e que priorice a atención ás persoas sen devaluar (como está a acontecer) os dereitos laborais das profesionais da saúde.

Neste contexto o Centro de Saúde de Tui non é alleo, segundo as últimas comunicacións do persoal facultativo está en risco a asistencia de calidade debido a que nun curto período de tempo o centro quedará sen 6 profesionais entre xubilacións e traslados, das cales 3 serán médicas/os, ningunha desas prazas está convocada nin prevista a concurso.

Asinado o día 22/01/2026 ás
13:04
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 22/01/2026 ás
13:04
Por Brais Ruanova Vilas-Boas





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Como pensa o Goberno galego garantir que a cidadanía de Tui non quede sen médica/o estable?

Porén, a planificación e execución orzamentaria do goberno galego arrastra desde hai máis dunha década recorrentes eivas que non son abordadas con dilixencia, malia ser evidentes á luz de cada período executado e á luz dos distintos informes que o Consello de Contas vén elaborando, singularmente os referidos á Conta Xeral.

Así, se atendemos ao seu Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma respecto do exercicio do ano 2022, observamos novamente eivas como o abuso do recurso ao fondo de continxencia, a constancia das modificacións orzamentarias, a incorrecta inclusión no capítulo VI do orzamento de gastos da Administración xeral gastos de carácter inmaterial que non teñen natureza de capital, as cuestións referidas á contabilidade do SERGAS, a falta de concordancia do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

inventario de inmovilizado material, a falta de elaboración do rexistro de entidades malia o mandato legal, financiamentos non permitidos polos remanentes, utilización recorrente das ampliacións de crédito que constata unha deficiente orzamentación, dado que se reiteran as mesmas partidas todos os anos, etc.

Por outra banda, salienta, ano a ano, a falta de execución de importantes contías orzamentarias. Por exemplo, no último exercicio económico do que temos datos pechados, o 2023, deixou sen executar 1.051 millóns de euros no total de seccións e aquelas con menor nivel de execución relativo son recorrentes en exercicios precedentes. Tamén, no ámbito orzamentario, salienta negativamente o escaso resultado dos teóricos esforzos anunciados para impulsar o gasto en investimentos reais, que no 2023 deixaron atrás arredor de 500 millóns de euros. Finalmente, cómpre lembrar que canto á execución por programas, hai numerosos programas que ano a ano non superan un nivel de execución do 50%, o cal amosa unha debilidade na planificación que non pode escusarse cun ano concreto nin cunha conxuntura específica.

Mellorar a planificación orzamentaria e afondar na transparencia son aspectos fundamentais para mellorar a calidade democrática e para mellorar na eficiencia da xestións dos recursos públicos, algo esencial en xeral e máis aínda nun contexto de profundas transformacións económicas, inestabilidade política e volta á senda centralista e neoliberal do déficit e da limitación de gasto e do exercicio do noso autogoberno.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións vai impulsar o goberno galego para evitar que a súa deficiente planificación orzamentaria fure capacidade económica para enfrontar as necesidades da sociedade e dos sectores produtivos?

Que mecanismos prevé ou vai prever para mellorar a execución global dos orzamentos?

E daquelas áreas de gasto que recorrentemente arrastran unha baixa execución orzamentaria?

Que vai facer o goberno galego para deixar de orzar como imprevistos aqueles gastos correntes e previsibles, coma os destinados ao pagamento de nóminas?

Vai aplicar sen máis dilación as recorrentes recomendacións do Consello de Contas que se reiteran ano a ano e cada unha das Contas Xerais?

Que medidas vai impulsar para afondar na transparencia orzamentaria, singularmente canto ás modificacións impulsadas ao longo do exercicio económico?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/01/2026 17:43:38

Rosana Pérez Fernández na data 22/01/2026 17:43:46

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/01/2026 17:43:54

Óscar Insua Lema na data 22/01/2026 17:44:09

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 22/01/2026 17:44:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:44:41
Nº Rexistro: 47524
Data envío: 22/01/2026 17:44:41.772



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 17:44:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:44:41
Nº Rexistro: 47524
Data envío: 22/01/2026 17:44:41.772

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas e Noa Presas Bergantiños, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre falla na execución e planificación dos Fondos Europeos por parte da consellería de economía e industria no exercicio 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 29 de xullo de 2025 coñecíase o Informe de Fiscalización de Fondos Europeos no exercicio do ano 2023 feito polo Consello de Contas. Unha vez máis, podemos ler un informe demoledor sobre a falta de planificación e execución do goberno galego e o desaproveitamento de fondos vitais para o desenvolvemento económico e social de Galiza como son os europeos.

Este informe ten como finalidade proporcionar ao Parlamento Galego e á sociedade un informe no que se exprese o desenvolvemento da execución orzamentaria dos fondos por parte das entidades e organismos que dispoñen destes, a identificación dos Fondos Europeos percibidos polos organismos xestores e a execución dos orzamentos de ingresos, realizándose unha análise final dos diversos beneficiarios e receptores finais das distintas modalidades de Fondos Europeos identificadas.

O Consello de Contas incide en que novamente se está a producir unha eiva na execución dos fondos europeos e que existe o risco que parte destes fondos se perdan, agravándose a situación para os fondos do marco Next Generation.

No pormenorizado, hai que sinalar a falta de compromiso por parte da Consellería de Economía e Industria (na período fiscalizado aínda como Vicepresidencia 1ª e

Asinado o día 22/01/2026 ás
17:47
Por Noa Presas Bergantiños

Asinado o día 22/01/2026 ás
17:47
Por Brais Ruanova Vilas-Boas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Consellería de Economía, Industria e Innovación) á hora de executar os fondos como de cumprir coas obrigas recoñecidas de ditos fondos.

O sector industrial é un dos grandes beneficiarios dos fondos europeos, sexa pola súa capacidade para incidir na descarbonización como para adquirir compromisos de desenvolvemento sustentábel e xeración de emprego de calidade no noso país.

No exercicio 2023 a Consellería con competencias en materia industrial adquiriu a través de fondos europeos preto de 246,4M€ situándose como a segunda consellería en participación dos fondos europeos (só por detrás da de Medio Rural), o que suporía unha boa nova para o sector, mais cando se analizan os datos de execución tanto de obrigas recoñecidas “O” como dos pagamentos executados “P” os datos deixan en moi mal lugar a xestión que se fixo dende o executivo galego.

Atendendo a fase “O” constátase unha execución de apenas o 51,79 %, moi por embaixo da media galega do 67,83 %, e aínda máis preocupante é a situación da fase “P” con apenas un 33,94 % executado, novamente por debaixo da media (55,10 %).

Esta situación, como ven sinala o Consello de Contas demostra unha mala planificación á hora de xestionar estes recursos, co agravante de que existe o risco de poder perder parte destes fondos.

Outro dato que cabe sinalar é a porcentaxe de baixas de crédito que se produciron na consellería (103.076.126,48 €) que supón a maior baixa absoluta de crédito de tódalas consellerías, supoñendo o 22,8 % sobre o total de baixas.

Sobre as baixas tamén advirte o consello de contas, que se debe levar a cabo unha mellor planificación para evitar un volume tan elevado destas que a fin de contas perturban os datos de execución, sendo estes menores aínda.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo tanto cómpre que o goberno galego abandone a política do anuncio e se poña a serio a planificar co conxunto do sector industrial o uso dos fondos europeos, que en definitiva, son tamén en segundo nivel, fondos das galegas e dos galegos.

Para termos un sector industrial con futuro, que se adapte aos cambios cómpre facer unha boa planificación e acelerar a súa execución para que este tipo de recursos teñan unha aplicación real nos sectores produtivos e na sociedade.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Que medidas vai impulsar o Goberno galego para rectificar o seu fracaso na xestión dos fondos europeos que sinala o Consello de Contas, nomeadamente na Consellería de Economía e Industria?

Que medidas vai impulsar o goberno galego para adoptar as medidas necesarias para mellorar a execución dos fondos europeos nomeadamente na Consellería de Economía e Industria?

Como valora o Goberno Galego o Informe respecto do ano 2023 e as súas conclusións? Cre o Goberno que mellorou respecto do informe do ano 2022?

Pensa o Goberno Galego tomar algunha medida para planificar en colaboración cos sectores produtivos o uso dos recursos europeos para mellorar a súa execución?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 22/01/2026 17:47:21

Noa Presas Bergantiños na data 22/01/2026 17:47:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:47:38
Nº Rexistro: 47528
Data envío: 22/01/2026 17:47:38,929

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 17:47:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:47:38
Nº Rexistro: 47528
Data envío: 22/01/2026 17:47:38,929

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonso, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre a natureza das transferencias de crédito en beneficio da Sociedade para o Aproveitamento Sostible de Recursos Naturais de Galiza RDG, S.A.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O orzamento é a maior ferramenta que ten un goberno para a posta en marcha de políticas públicas activas que contribúan á cohesión social e ao desenvolvemento dos sectores produtivos e, polo tanto, ao avance dun país. Así, a súa correcta planificación e execución son fundamentais para que cada euro dos recursos dispoñíbeis redunden en beneficios para o conxunto do país.

Neste sentido cómpre sinalar, como xa ten sinalado o Consello de Contas, a reiteración de modificacións orzamentarias abusivas e que mesmamente en ocasións consúmanse sen despois levar acorde unha adecuada execución.

Este modus operandi pon de manifesto a mala planificación orzamentaria por parte do executivo, que se suma á baixa execución en programas clave para o desenvolvemento económico e social de Galiza.

Véñense de coñecer as modificacións orzamentarias de maio de 2025 e constátase, unha vez máis, como a Xunta do Partido Popular modifica grande parte de capital que en moitos casos quedará sen executar.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Neste contexto salienta como no apartado de imprevistos aplícase unha transferencia de crédito de 4.500.000€ desde o programa 621B de imprevistos e funcións non clasificadas á aplicación orzamentaria 23.01.621A.860.00 dos orzamentos da Consellería de Facenda e Administración Pública para facer fronte ao aumento de capital aprobado pola Xunta Xeral da Sociedade para o aproveitamento sostible de recursos naturais de Galiza RDG, S.A.

E o problema que se deriva deste feito é que, ante a imposibilidade de fiscalización pública de Recursos de Galiza, estes 4 millóns e medio serán integrados en dita sociedade sen ningún tipo de control público, como leva demandando incluso o propio Consello de Contas e que o Partido Popular de Galiza leva negando reiteradamente.

Faise preciso pois que unha sociedade como RDG, co impacto que vai ter sobre o desenvolvemento da política de aproveitamento dos recursos do país, pase ao control público efectivo e a súa fiscalización por parte do Consello de Contas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

- Pensa o Goberno Galego tomar accións para seguir as recomendacións do Consello de Contas sobre a necesidade de transparentar e fiscalizar a actividade das Sociedade para o aproveitamento sostible dos recursos naturais e da Sociedade Impulsa Galiza.

- En base a que criterios se destinan 4 millóns e medio de recursos públicos á sociedade RDG?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como pensa o Goberno Galego garantir a transparencia no uso dos recursos públicos incorporados á sociedade RDG?

- Pensa o Goberno Galego que a información respecto da natureza das modificacións orzamentarias é suficiente? Como pensa ampliar dita información?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 22/01/2026 17:50:39

Noa Presas Bergantiños na data 22/01/2026 17:50:45

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/01/2026 17:50:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:51:06
Nº Rexistro: 47543
Data envío: 22/01/2026 17:51:06.283

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 17:51:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:51:06
Nº Rexistro: 47543
Data envío: 22/01/2026 17:51:06.283

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Magdalena Pérez Millares, Moisés Rodríguez Pérez, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

O Consello da Xunta analizou o Informe sobre a orde pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión en réxime de concorrencia competitiva das axudas para investimentos en PEMES de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) e se convocan para o ano 2024.

Asinado o día 22/01/2026 ás 17:44
Por Patricia García González

Esta convocatoria extraordinaria do Executivo galego publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) do pasado 18 de xuño de 2025 permitiu que as empresas beneficiarias contaran con apoio para fomentar a calidade e valor engadido dos produtos, a mellora da eficiencia enerxética ou a economía circular. O novo FEMPA financia proxectos de aplicación da nova reforma da Política Pesqueira Común e presta apoio financeiro a pescadores, acuicultores e poboacións costeiras para a súa adaptación ás novas normas.

Estas axudas, cofinanciadas polo FEMPA, forma parte dos apoios que a Xunta de Galicia mobiliza neste ano 2024. O Consello da Xunta do día 25 de novembro de 2024 analizou o Acordo polo que se toma razón da resolución das axudas para investimentos en PEMES de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura convocadas por Orde do 6 de xuño de 2024.

Asinado o día 22/01/2026 ás 17:43
Por Miguel Fidalgo Iglesias





As actuacións previstas teñen que ver coa mellora da eficiencia enerxética, a redución do impacto no ambiente, a innovación e a mellora das condicións de traballo e seguridade nas súas instalacións, entre outras cuestións. O obxectivo desta liña de axudas é que o sector transformador de produtos do mar poida mellorar a súa eficiencia enerxética, reduza o seu impacto no ambiente, promova a innovación e mellore as súas condicións de traballo e seguridade, o que contribúe a incrementar a súa competitividade e a mellorar os seus resultados económicos.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

1. Cal é a suma total destinada para estas axudas para investimentos en PEMES de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura e o número de beneficiarios?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 22/01/2026 17:43:50
Patricia García González na data 22/01/2026 17:44:06
Paula Mouzo Mas na data 22/01/2026 17:44:11
Jesús María Fernández Rosende na data 22/01/2026 17:44:22
Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/01/2026 17:44:28
Maria Magdalena Perez Millares na data 22/01/2026 17:44:36
Moisés Rodríguez Pérez na data 22/01/2026 17:44:45
Raúl Santamaría González na data 22/01/2026 17:44:54
Manuel Santos Costa na data 22/01/2026 17:45:00



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 17:54:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:54:46
Nº Rexistro: 47552
Data envío: 22/01/2026 17:54:46.332

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Magdalena Pérez Millares, Moisés Rodríguez Pérez, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

O Consello da Xunta analizou o informe onde se detalla a sinatura de convenio de colaboración entre a Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, a Consellería de Presidencia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e o Concello de Moaña, para a financiación da reforma da nave de deportes náuticos do porto moaños no que desenvolve a súa actividade a Sociedade Deportiva Tirán.

A Secretaría Xeral para o Deporte asume a redacción do proxecto, mentres que Portos de Galicia licitará e executará as obras e o Concello de Moaña encargárase do posterior mantemento do espazo unha vez rematados os traballos.

Segundo recolle o proxecto, a reforma da nave incluírá a ampliación do edificio en planta baixa, cunha nave cuberta e aberta para gardar os remolques de transporte das embarcacións e un novo vestiario accesible en planta baixa. Ademais, nesta planta eliminaranse os desniveis existentes no interior da nave principal para dispoñer dun percorrido integramente practicable.

As obras incluírán tamén a reparación e pintado das fachadas, mellorando a imaxe do edificio, e a reparación dos elementos estruturais das cubertas que se atopan deteriorados. Finalmente instalaranse un novo sistema de evacuación de augas pluviais e de reforzo en caso de incendio.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Cal é o investimento deste acordo entre a Xunta de Galicia e o Concello de Moaña e que obxectivos ten?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026

Asinado o día 22/01/2026 ás 18:00
Por Patricia García González

Asinado o día 22/01/2026 ás 18:00
Por Miguel Fidalgo Iglesias



Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 22/01/2026 18:00:23
Patricia García González na data 22/01/2026 18:00:28
Paula Mouzo Mas na data 22/01/2026 18:00:37
Jesús María Fernández Rosende na data 22/01/2026 18:00:47
Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/01/2026 18:00:55
Maria Magdalena Perez Millares na data 22/01/2026 18:01:02
Moisés Rodríguez Pérez na data 22/01/2026 18:01:10
Raúl Santamaría González na data 22/01/2026 18:01:17
Manuel Santos Costa na data 22/01/2026 18:01:24



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 18:02:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 18:02:38
Nº Rexistro: 47557
Data envío: 22/01/2026 18:02:38.061

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Magdalena Pérez Millares, Moisés Rodríguez Pérez, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

O Consello da Xunta analizou o día 10 de xuño un informe sobre a formalización do contrato de subministración de dúas embarcacións patrulleiras lixeiras para o Servizo de Gardacostas de Galicia. Este contrato supón un novo fito na renovación da frota coa que conta Gardacostas de Galicia, un servizo único no ámbito autonómico, operativo as 24 horas os 365 días do ano que permitiu socorrer desde a súa creación a máis de 1.800 persoas.

A maioría das intervencións están relacionadas con remolque doutros buques que están á deriva, tanto de pesca como de recreo, por avaría ou outras causas, a recollida de materiais que resulten perigosos para a navegación, e a busca e rescate de persoas desaparecidas ou en perigo. Nos últimos dous anos foron atendidas ao redor dun centenar.

Tamén desempeñan labores de loita contra o furtivismo co dobre obxectivo de garantir que os produtos pesqueiros que chegan ao consumidor proveñan de canles legais e con todas as garantías para o seu consumo así como evitar a actividade irregular no sector profesional.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. A canto ascende o importe destinado a este contrato da subministración de dúas patrulleiras para o servizo de gardacostas?
2. Cales son as características das novas embarcacións?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 22/01/2026 18:07:42
Patricia García González na data 22/01/2026 18:07:50
Paula Mouzo Mas na data 22/01/2026 18:07:57
Jesús María Fernández Rosende na data 22/01/2026 18:08:04
Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/01/2026 18:08:12
Maria Magdalena Perez Millares na data 22/01/2026 18:08:18
Moisés Rodríguez Pérez na data 22/01/2026 18:08:27
Raúl Santamaría González na data 22/01/2026 18:08:34
Manuel Santos Costa na data 22/01/2026 18:08:41



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 18:10:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 18:10:00
Nº Rexistro: 47565
Data envío: 22/01/2026 18:10:00,475

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Magdalena Pérez Millares, Moisés Rodríguez Pérez, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

A recente sentenza do Tribunal Xeral da Unión Europea (TXUE), que desestima o recurso interposto pola Organización de Produtores Pesqueiros de Burela (OPP-7) e 16 compañías armadoras contra o veto á pesca de fondo, supón unha nova moi negativa para o sector pesqueiro galego e especialmente para a flota lucense, a máis afectada pola imposición destas vedas.

O comisario europeo responsable desta medida impuxo no ano 2022 un regulamento moi restritivo, baseado na posible existencia de ecosistemas mariños vulnerables en 87 zonas do Atlántico Nororiental. Todo isto sen considerar axeitadamente o impacto económico e social desta decisión a máis do 25 % da frota galega.

Desde o primeiro momento o Goberno galego actuou con responsabilidade para reverter esta situación e apoiar as demandas do sector, achegando información técnica ao proceso xudicial na súa calidade de coadxuvante da parte demandante. A Xunta subliñou que a pesca de palangre non causa efectos adversos significativos nas zonas afectadas.

A conselleira do Mar, Marta Valverde, mantivo recentemente reunións co sector para analizar alternativas ao veto e instou o Goberno central a solicitar á Comisión Europea a revisión urxente do regulamento. A titular do Mar reclama, ademais, que se modifique a normativa europea para que decisións desta transcendencia incorporen criterios socioeconómicos, en liña co sinalado pola Política Pesqueira Común.

A Xunta tamén pediu unha reunión co ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luís Planas, co obxectivo de establecer liñas de traballo conxuntas e demandar compensacións para as embarcacións afectadas. Cómpre lembrar que esta prohibición non conta con aval científico suficiente e que non foi avaliada de xeito integral o seu impacto no emprego, na economía local e na soberanía alimentaria.





Nun momento no que é máis necesaria ca nunca unha revisión das políticas pesqueiras da UE, Galicia defende un modelo que garanta o equilibrio entre sustentabilidade ambiental, viabilidade económica e cohesión social. A inacción do Goberno central neste tema sería inadmisíble.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da decisión do TXUE de desestimar os recursos interpostos contra o veto á pesca de fondo en 87 zonas do Atlántico Nororiental?
2. Que actuacións está a desenvolver para esixir a revisión da normativa europea e garantir alternativas viables para o futuro da frota galega afectada?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 22/01/2026 18:18:44
Patricia García González na data 22/01/2026 18:18:55
Paula Mouzo Mas na data 22/01/2026 18:19:05
Jesús María Fernández Rosende na data 22/01/2026 18:19:12
Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/01/2026 18:19:24
Maria Magdalena Perez Millares na data 22/01/2026 18:19:29
Moisés Rodríguez Pérez na data 22/01/2026 18:19:36
Raúl Santamaría González na data 22/01/2026 18:19:42
Manuel Santos Costa na data 22/01/2026 18:19:49



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 18:20:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 18:20:23
Nº Rexistro: 47568
Data envío: 22/01/2026 18:20:23.080

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á protección da cultura marítima, do patrimonio do litoral e das zonas do litoral máis sensíbeis á actividade humana.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2021, a Consellaría de Mar asinou un convenio de colaboración coa Universidade da Coruña e co padroado da Fundación da mesma (FUAC), para a elaboración do Plan da Cultura Marítima de Galiza-Horizonte 2030, cuxo obxectivo era redactar un documento base do Plan no que se recollerían as liñas estratéxicas, iniciativas e accións a desenvolver no período 2021-23, así como os pasos a dar nos seguintes anos coa finalidade de preservar a cultura marítima de Galiza.

O convenio asinado, vixente ata o 31 de decembro de 2023, foi financiado con preto de 200.000 euros pola Consellaría de Mar e permitía realizar un traballo que abarcaba todo o litoral coa finalidade de protexer os valores culturais e marítimos de Galiza.

A finais de 2023, a Consellaría, a UDC e a FUAC asinan un novo convenio para desenvolver as accións do PCUMA-Horizonte 2030, dando continuidade ao anterior e permitindo avanzar no obxectivo de preservar e activar a cultura marítima de Galiza. Neste caso, a vixencia da colaboración comprende ata o 31 de decembro de 2026 e cun financiamento de preto de 100.000 euros anuais.

Asinado o día 22/01/2026 ás
18:19
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 22/01/2026 ás
18:19
Por Rosana Pérez Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Finalmente, no Consello da Xunta do pasado 29 de setembro de 2025, o Goberno galego amplía o PCUMA ás illas galegas por medio dunha adenda ao convenio establecido coa UDC.

Case ao mesmo tempo, no mes de outubro, a Consellaría de Medio Ambiente puxo a exposición pública o Catálogo de bens de valor cultural do litoral de Galiza, após aprobarse a Lei do Litoral de Galiza no ano 2023 que o prevía, elaborado polo Observatorio do Litoral da Universidade da Coruña e pendente a día de hoxe de aprobarse definitivamente. Un instrumento que contou coa colaboración da Consellaría de Cultura, inexplicabelmente non coa de Mar que xa viña realizando o PCUMA dende 2021, e que abre a posibilidade de que dos 1.582 bens identificados, “un total de 867 serían susceptibles de solicitar un cambio de uso respecto daquel para o que foron concibidos orixinalmente”.

Este Catálogo foi realizado, segundo o Consello da Xunta de Galiza, a partir dun “exhaustivo traballo de campo nos 86 concellos costeiros do país”. No entanto, no período de exposición pública recibiu 161 propostas das que a maioría, 107, referíanse a inmóbeis non recollidos no documento.

Tamén a través do PCUMA iniciouse no 2024 un censo do patrimonio construído en relación aos oficios do mar ao longo de toda a costa galega e a ampliación do convenio ás illas tamén busca inventariar e censar este tipo de elementos existentes nas illas Cíes, Ons, Tambo, San Simón, Cortegada, Lobeiras, Sisargas, Sálvora e Rúa.

Aínda que o PCUMA preséntase como un proxecto moito máis amplo, no que se leva traballando dende 2021 e que se desenvolverá ata 2030, a Consellaría de Mar anunciou a presentación do censo para finais de 2025.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo tanto, chama moito a atención o seu solapamento co Catálogo de bens do litoral, cuxa publicación definitiva se prevé para este 2026 e que, moi probabelmente, coincida no tempo case coa presentación do censo elaborado pola UDC e a súa Fundación.

O Catálogo, que se limita a censar os bens co obxectivo de lle dar “unha segunda vida”, segundo a propia conselleira de Medio Ambiente, semella ter outros tempos e outros obxectivos diferentes aos que recolle o PCUMA “na misión de conservación da cultura marítima” no seu conxunto.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Que valoración fai o Goberno galego da elaboración e da existencia de dous censos de patrimonio ou bens culturais no litoral?

. Cales son os obxectivos principais de cada un deles e as diferenzas entre os dous?

. Cal foi o orzamento total que investiu no Catálogo de bens de valor cultural do litoral de Galiza?

. Considerou necesario un dobre investimento para inventariar e catalogar os bens culturais do litoral galego? De ser así, por que motivo?

. Por que razón non considerou a Consellaría de Medio Ambiente o traballo que a este respecto estaba a levar a cabo a UDC e a súa Fundación, co impulso e financiamento da Consellaría de Mar?

. Considera que ambos os dous catálogos poden solaparse? De ser así, cal considera a Xunta que é prevalente?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

. Que accións vai desenvolver para salvagardar o conxunto da cultura marítima, do patrimonio do litoral e das zonas do litoral que precisan de maior protección ante as actividades humanas?

. Vai priorizar eses elementos diante de calquera outro obxectivo?

. Vai implicar dun xeito transversal a administracións e particulares na súa preservación?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 22/01/2026 18:19:49

Mercedes Queixas Zas na data 22/01/2026 18:19:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 18:20:57
Nº Rexistro: 47571
Data envío: 22/01/2026 18:20:57.826

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 18:20:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 18:20:57
Nº Rexistro: 47571
Data envío: 22/01/2026 18:20:57.826

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Magdalena Pérez Millares, Moisés Rodríguez Pérez, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

O 10 de outubro do ano 2022 a Comisión Europea acordou de forma unilateral o peche de 87 áreas ás artes de fondo, decisión que quedou recollida no Regulamento de Execución (UE) 2022/1614, pechando unha área de 16.419 km² que afecta as augas de Irlanda, Francia, Portugal e España a todas as artes en contacto co chan mariño baseándose só na información dispoñible sobre o impacto das móbiles (arrastre) sen estudo previo das consecuencias e o impacto nas comarcas pesqueiras e sen apoio en estudos científicos que amparasen se as artes de palangre ou enmalle poden prexudicar a flora e a fauna en profundidades de entre 400 e 800 metros.

Esta veda aínda está pendente de revisión a pesar de que existía o compromiso de facer revisións anuais, que non se realizaron e cada vez se atrasan no tempo. En novembro de 2023 estendeuse a preocupación ao saber que a Comisión estaría a barallar ampliar as zonas de veda tanto na fachada atlántica francesa e irlandesa como nas zonas noroeste e suroeste de España, prexudicando aínda máis á frota do litoral e á do Gran Sol. Esta nova situación foi proposta polo Consello Internacional para a Exploración do Mar (ICES) e o único informe das consecuencias socioeconómicas, elaborado polo Comité Científico, Técnico e Económico da Pesca (STEFCE).

A Comisión Europea segue sen saber se as artes fixas (palangre ou enmalle) poden prexudicar á flora e fauna en esas profundidades, pero xa prepara aumentar as vedas ata 104 ou 115 áreas. Os armadores e pescadores galegos foron claros, e críticos, desde que o Regulamento de Execución (UE) 2022/1614 entrou en vigor en outubro de 2022. Mesmo antes, cando só era unha pretensión. Denunciaron en todo momento que carecía de soporte científico, e que obviaba o seu profundo impacto socioeconómico ao non sustentarse en ningún informe que analizase previamente os efectos que dita prohibición traería consigo.

Quen foi comisario de Medio Ambiente, Océanos e Pesca, Virginijus Sinkevicius, admitía a non elaboración dun informe específico antes de adoptar este acto xa que só implementaría a regulación de acceso a augas profundas. O procedemento establecido non prevía unha avaliación de impacto socioeconómico específica. En xullo de 2023, posteriormente da implantación da prohibición á pesca de fondo, o STECF realizou unha primeira aproximación do impacto económico para os buques galegos, que



elevou ata os 16,6 millóns de euros ao ano deixando claro que a frota española e por tanto a galega é, con diferenza, a máis impactada.

Non proporcionou unha imaxe completa dalgúns segmentos da frota, especialmente do palangre de pequena escala de España, polo que admite agora que pode haber subestimado os impactos negativos do peche dos ecosistemas mariños vulnerables.

Non se analizaron na súa totalidade os impactos sobre os buques artesanais de España, nin tampouco se completaron análises do desprazamento do esforzo pesqueiro, recoñecendo que se deberían completar estas análises adicionais. Isto débese principalmente a que non se consideraron os prexuízos que a restrición ocasionaría a nivel individual para cada buque.

A frota de palangre foi a máis golpeada pola entrada en vigor do veto á pesca de fondo da Comisión Europea en 87 zonas de augas comunitarias entre 400 e 800 metros, a pesar de tratarse dunha arte de baixo impacto. Esta medida provocou un enorme rexeitamento entre o sector, as administracións e o ámbito científico, ao basearse só en informes centrados na pesca de arrastre. Recentemente se coñeceron as conclusións do primeiro informe técnico do proxecto "ISPAMER" que dirixe o Centro Oceanográfico de Vigo que conclúe o nulo impacto do palangre da pescada nos fondos mariños.

En concreto, o informe indica que o palangre utilizado pola frota de Burela é un palangre demersal ou semipeláxico tipo "pedra-bola" que ten un contacto moi limitado co fondo mariño. Este estudo, no que participaron sete barcos da frota do porto de Burela, analizou o posíbel impacto nos fondos de augas europeas e foi realizado no último trimestre de 2023 en 15 mareas. É necesario multiplicar os esforzos ante a Comisión Europea para lograr a revisión desta veda que está a comprometer a viabilidade da frota das artes de fondo e do cerco. O sector pesqueiro galego reclama que a Comisión suspenda o veto ás artes fixas (palangre ou enmalle) porque a Comisión non contou con informes sobre a incidencia de todos os aparellos afectados, e nin sequera incluíu a pesca con artes fixas nas hipóteses de avaliación, unha medida de absolutamente desproporcionada e inxusta.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Que informes elaborou directamente ou achegou ao sector pesqueiro afectado na defensa dos seus dereitos e intereses?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 22/01/2026 18:26:51
Patricia García González na data 22/01/2026 18:27:01
Paula Mouzo Mas na data 22/01/2026 18:27:06
Jesús María Fernández Rosende na data 22/01/2026 18:27:15
Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/01/2026 18:27:22
Maria Magdalena Perez Millares na data 22/01/2026 18:27:27
Moisés Rodríguez Pérez na data 22/01/2026 18:27:35
Raúl Santamaría González na data 22/01/2026 18:27:43
Manuel Santos Costa na data 22/01/2026 18:27:50



Asinado dixitalmente por:


REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 18:28:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 18:28:48
Nº Rexistro: 47575
Data envío: 22/01/2026 18:28:48,476

CSV: BOPGDSPG-wPYxaD29-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

